



PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE VIGO



ESTUDIO DA POSIBILIDADE DE
INTRODUCCIÓN DA RESERVA
DO 40% DE VIVENDA PRO-
TEXIDA EN TODOLOS ÁMBITOS
DE SOLO URBANO NON CON-
SOLIDADO E SOLO URBANIZA-
BLE, GARANTINDO A SÚA
RENDABILIDADE E EQUILIBRIO

ESTUDIO DA POSIBILIDADE DE INTRODUCCIÓN DA RESERVA DO 40 % DE VIVENDA PROTEXIDA EN TÓDOS OS ÁMBITOS DE SOLO URBANO NON CONSOLIDADO E SOLO URBANIZABLE GARANTINDO A SÚA RENDIBILIDADE E EQUILIBRIO

ÍNDICE

1.	Alcance e xustificación teórica e normativa.....	3
2.	O Plan aprobado provisionalmente e a incorporación das modificacións introducidas pola Orden de 19 de xaneiro de 2007 da CPTOPT	8
2.1.	Equilibrio de beneficios e cargas no Plan aprobado provisionalmente. Xustificación estatística adicional.	8
2.2.	Ámbitos especiais excluídos do equilibrio xeral: Sistemas de expropiación e concerto	16
2.3.	Ámbitos con planeamento aprobado incorporados ao Plan	17
2.4.	Incidencia económica das modificacións introducidas pola Orden de 19 de xaneiro de 2007: ámbitos con incremento de cargas.	18
3.	O mercado inmobiliario de Galiza e Vigo no cambio de ciclo: previsións 2007-2010 e conclusións operativas	22
3.1.	A evolución dos prezos inmobiliarios ata 2003 e 2007	22
3.2.	Metodoloxía de previsión da evolución da demanda e oferta de vivendas en España e Galicia	25
3.3.	Previsións da evolución da oferta, demanda e prezos 2007-2010 en España e Galicia	27
4.	O obxectivo do 40% de teito residencial con algún tipo de protección pública en todos os ámbitos e sectores do Plan.....	40
4.1	Impactos económicos no mercado inmobiliario	40
4.2.	Metodoloxía para a análise de viabilidade económica das cargas urbanísticas e do equilibrio entre áreas de reparto	42
4.3.	Actualización das variables fundamentais para a viabilidade económica	43
4.4	ANÁLISIS DE VIBILIDADE ECONÓMICA DO INCREMENTO DA PROPORCIÓN DE VIVENDA PROTEXIDA POR SISTEMAS DE XESTIÓN: RESULTADOS POR DISTRITOS E POR ÁMBITOS E SECTORES	46
5.	Dictame final. A viabilidade económica da proposta	56

Anexos:.....	60
A.1. Coeficientes de distrito e localización do Plan aprobado provisionalmente	61
A.2. Testemuñas de oferta inmobiliaria recente en Vigo. Xerencia de Urbanismo	62
A.3. Listado xeral de ámbitos e sectores: de xestión privada (compensación, cooperación e concerto); de xestión pública (expropiación) e con planeamento aprobado incorporados ao Plan.....	77
A.4. Listado xeral de ámbitos e sectores do Plan, ordenados según a proporción de vivenda protexida proposta	78
A.5. Listado xeral de ámbitos e sectores con proporción de vivenda protexida inferior ao 40%.	79
A.6. Exemplo práctico de cálculo: Praza de España 2003 (con 6,1 M€ de urbanización a maiores e 5,5 M€ de indemnizacións) e 2007 (con 21% de VPA)	80

1. ALCANCE E XUSTIFICACIÓN TEÓRICA E NORMATIVA

O obxecto do presente documento é o estudo da posibilidade de introducción da reserva do 40 % de vivenda protexida en todos os ámbitos de solo urbano non consolidado e solo urbanizable garantindo a rendibilidade dos distintos ámbitos no correspondente estudio económico/financeiro coa incorporación de rectificacións derivadas do cumprimento da Orde de 19 de Xaneiro de 2007 da CPTOPT da Xunta de Galicia, os requisitos establecidos na resolución de 10 de setembro de 2007 da Consellería de Medio Ambiente e puntualizacións solicitadas por determinados colectivos sociais.

Tras un período de revisión, as propostas definitivas se incorporarán a un novo texto refundido do proxecto do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo, previo á súa aprobación definitiva, co contido e calidade precisados no prego de prescricións técnicas do contrato primixenio.

O **Plan aprobado provisionalmente en 2006**, e presentado á Xunta para a súa aprobación definitiva, incluía as modificacións derivadas das alegacións aceptadas despois da aprobación inicial de 2004, e incorporaba a obriga, nos ámbitos e sectores, dunha **reserva xeneralizada do 20% da superficie edificable residencial** para vivenda con algún réxime de protección pública.

Existían algunhas excepcións limitadas a dita reserva, unhas á baixa (por planeamento aprobado de iniciativa privada, cargas urbanísticas elevadas...) e outras á alza (por obxectivos de política de vivenda, sectores de iniciativa municipal ou autonómica...).

A introducción dunha maior porcentaxe de vivenda protexida constitúe un mecanismo de recuperación de plusvalías urbanísticas, que reduce as expectativas de plusvalías xerados polo aumento dos prezos inmobiliarios desde o ano 2003.

Os valores inmobiliarios desde o ano 2003 serviron de base para establecer cargas urbanísticas mínimas e compensatorias da atribución de edificabilidade e uso en relación á superficie de solo computable de cada sector e ámbito, compatible coa reserva de vivenda protexida en cada área de reparto para alcanzar os valores residuais do solo bruto antes de urbanizar de referencia. Neste senso, as reservas de vivenda protexida eran as **máximas posibles compatibles** coas cargas de urbanización e os valores inmobiliarios de 2003.

O documento de aprobación provisional xustificaba que o seu contido se axustaba aos contidos do art. 52.3 e 112.1.

Art. 52.3. "Así mesmo, o plan xeral deberá garanti-la coherencia interna das determinacións urbanísticas, a viabilidade técnica e económica da ordenación proposta, o equilibrio dos beneficios e cargas derivados do plan entre as distintas áreas de reparto, a proporcionalidade entre o volume edificábel e os espazos libres públicos de cada ámbito de ordenación e a participación da comunidade nas plusvalías xeradas en cada área de reparto"

Art. 112.1. Regras para a delimitación. "A delimitación de áreas de reparto efectuarase tendo en conta o equilibrio de beneficios e cargas entre as distintas áreas así como a proporcionalidade entre a edificabilidade resultante e as cargas e dotacións previstas."

A primeira consecuencia económica da introducción dunha reserva adicional de vivenda protexida é a redución dos "valores expectantes" do solo na medida que a vivenda protexida se sitúa moi por debaixo do prezo da vivenda libre. Se trata unicamente dunha redución de valores expectantes na medida que o Plan Xeral non está definitivamente aprobado. As transaccións que se houberen efectuado en base ós valores expectantes haberían incorrido polo tanto nunha decisión arriscada economicamente nun "mercado de futuros" como é o caso do mercado de solo bruto.

O mantemento do mesmo equilibrio, no Plan que se aprobou provisionalmente, sen modificar a superficie delimitada ou computable, a edificabilidade e as cargas de urbanización, unicamente se pode conseguir con **porcentaxes diferenciais en cada área, si se quere garantir un crecemento uniforme do valor residual do solo**, que é o criterio básico para o mantemento do equilibrio.

A **metodoloxía do presente documento** parte de manter un crecemento lineal dos valores residuais de 2003 do 75%, actualizar os custos de urbanización nun 25%, as indemnizacións nun 75% e axustar as porcentaxes de vivenda protexida en función dos novos prezos inmobiliarios por usos e localizacións.

En termos económicos significa que **os prezos inmobiliarios de 2007 permiten absorber a redución de expectativas** derivadas das reservas adicionais e a actualización dos custos de urbanización e indemnizacións, **garantindo incrementos de valor no solo bruto, aínda que por debaixo das expectativas**.

Desde o punto de vista da **normativa urbanística**, a compatibilidade da modificación coa do cambio introducido en relación ás reservas de vivenda protexida está baseada en que nos arts. 55.3 e 64.f) da vixente LOUGA, instituíuse no solo urbano non consolidado e no solo urbanizable a obriga de "prever as reservas de solo necesarias para atender as demandas de vivenda suxeita a algún réxime de protección pública". E concreouse dita carga nunha porcentaxe "non inferior" ao 20% da edificabilidade residencial de cada distrito. Da interpretación gramatical dos referidos preceptos dedúcese que dito ratio constitúe un "mínimo" que pode ser incrementado polo correspondente instrumento de planeamento urbanístico.

Por outra banda, o art. 10.b) da recente Lei estatal 8/2007, do 28 de maio, do Solo elevou dita reserva a un mínimo do 30% da edificabilidade residencial prevista en actuacións de urbanización. Estándar que, nun principio, e no defecto doutra reserva autonómica igual ou superior, se aplicará directamente na xestión urbanística a partires do día 1 de xullo de 2008, consonte se preceptúa na disposición transitoria primeira de dita Lei.

Asemade, como se dixo, a Consellería de Vivenda da Xunta de Galicia elaborou un

"Anteproxecto de Lei de medidas urxentes en materia de vivenda e solo", no que se pretende como criterio xeral incrementar esa reserva de vivenda protexida ata o 40% da nova edificabilidade residencial que xere o planeamento no solo urbano non consolidado e urbanizable delimitado.

Como consecuencia do antedito, non existe óbice legal para que no novo Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo se estableza unha reserva de vivenda protexida do 40% da edificabilidade residencial no solo urbano non consolidado e urbanizable. En primeiro termo, porque non o prohibe a vixente LOUGA. En segundo, porque con elo se adaptaría o PXOM ao disposto sobre este particular na Lei estatal 8/2007, do 28 de maio, do Solo e incluso na futura "Lei de medidas urxentes en materia de vivenda e solo" promovida pola Consellería de Vivenda da Xunta de Galicia.

Desde a **normativa urbanística**, poren, dita modificación obrigaría a xustificar que os respectivos ámbitos do Plan Xeral manteñen a súa rendibilidade e o equilibrio entre beneficios e cargas esixido nos arts. 131.1 e 112 LOUGA, que é o obxecto do presente documento.

O obxectivo de alcanzar as máximas reservas posibles de vivenda protexida se sitúa no contexto das políticas públicas da recuperación de plusvalías urbanísticas, que en termos económicos significa una mellor distribución de beneficios entre a propiedade do solo e a promoción inmobiliaria, dunha parte, e a "cidade pública", doutra.

O prezo da vivenda, co feito de ser moi preocupante, non é o único problema urbanístico actual. As cidades españolas necesitan tamén **máis e mellores infraestructuras** porque non alcanzaron o nivel de calidade centroeuropea. Os recursos públicos son insuficientes para financiar la necesidade de infraestructuras e equipamentos que xera o novo crecemento urbano, en prazos curtos de tempo, a pesar de que se incrementou a inversión das administracións públicas, ata situarse no entorno do 6% do PIB no 2005.

Pode argumentarse que as infraestructuras públicas das cidades (a "cidade pública") non se beneficiou suficientemente do **boom de prezos e produción inmobiliario** existente desde 1996. A propiedade do solo recibe un valor residual en gran parte "regalado" pola edificabilidade que outorga o planeamento urbanístico aprobado polos propios Concellos e Comunidades Autónomas e que se ve reforzado por un mercado inflacionado, porque máis do 60% dos incrementos de prezos van directamente ó solo.

ESPAÑA- CICLOS ECONÓMICOS E INMOBILIARIOS EN 45 AÑOS (1960-2006):
(PIB per cápita a valores actuales pasa de 5.000\$ a 26.000 \$)


1959 (Plan de Estabilización) – 1975 (Crisis de petróleo- Fin Dictadura política)
1986 (Integración Europea) – 1992 (Crisis Mundial) – 1996 (Tipos de Interés)

2006: Precios = 41% de la Renta Familiar media (2003:31%) =5 Salarios/año

Hipotecas al 3,60% (1990-92: +- 10%; 1985-89: +-15%)

Viviendas acabadas = 65-75% de las viviendas “visadas”

Importancia de la demanda en zonas turísticas fuera de Madrid y Barcelona en todas las fases



A produción de nova cidade (extensión e renovación) é **responsabilidade dos tres “socios financeiros” que participan no desenvolvemento inmobiliario: a propiedade do solo, a promoción inmobiliaria e o Concello**. Todos eles terán que obter parte da “marxe” que da o produto final, de acordo co que “aportan” ó proceso productivo de nova cidade, nin máis nin menos. Pero a promoción quere a máxima rendibilidade nas súas inversións de urbanización e de construción, a propiedade quere o maior prezo posible polo solo antes de urbanizar e o Concello debe recuperar para a cidade plusvalías en forma de infraestruturas, equipamentos públicos e vivenda protexida. E todo elo ten que encaixar no valor do produto inmobiliario que se deriva da ordenación urbanística (uso, edificabilidade e localización) e dos prezos do mercado.

SOCIOS FINANCIEROS

ADJUDICACIÓN DEL PRODUCTO



LOS NUEVOS DESARROLLOS IMPONEN UNOS COSTES DE MOVILIDAD QUE NO ASUMEN Y DEBERÍAN CONTRIBUIR A FINANCAR EN PARTE MEDIANTE CANONES DE MOVILIDAD

4

A rendibilidade que debe garantir a operación ó promotor dependerá do risco que asume e dos tipos de interese sen risco. A normativa hipotecaria (Orden ECO 805/2003) especifica as rendibilidades de referencia, en función dos distintos usos e da valoración do risco en cada momento.

O prezo de mercado inmobiliario non depende do custo dos factores sino da **demandan de forma** que non é o custo do solo o que xera prezos altos da vivenda sino que os altos prezos desta, que o son na medida en que hai quen os “paga”, permiten en moitos casos remuneracións excesivamente altas, por riba do valor do solo. E en este senso os prezos altos dunha cidade reflicten o seu nivel económico.

En consecuencia, o punto clave na distribución de beneficios na cidade é precisamente o establecemento dese **valor máximo do solo antes de iniciarse o proceso urbanizador ou contido económico máximo da propiedade do solo**, que a nova normativa urbanística estatal de 2007 limitou de forma moi substancial a efectos de expropiacións.


A **recuperación de plusvalías nos novos desenvolvementos** ten polo tanto dous instrumentos alternativos e complementarios que son a proporción de vivenda protexida e as cargas de urbanización local e de cidade, no contexto dos prezos inmobiliarios, os custos empresariais, a rendibilidade das inversións e uns valores máis moderados e contidos do solo bruto antes de urbanizar.



2. O PLAN APROBADO PROVISIONALMENTE E A INCORPORACIÓN DAS MODIFICACIÓNS INTRODUCIDAS POLA ORDEN DE 19 DE XANEIRO DE 2007 DA CPTOPT


2.1. Equilibrio de beneficios e cargas no Plan aprobado provisionalmente. Xustificación estatística adicional.

A xustificación cuantitativa do equilibrio entre beneficios e cargas así como a proporcionalidade de valores residuais das diferentes áreas de reparto foi o obxectivo do axuste das cargas de planeamento e as reservas de planeamento durante o proceso de planeamento. Os valores residuais-obxectivo ou valores de referencia gardaban unha gradación explicable e correspondíase cos valores das testemuñas do mercado de solo antes de urbanizar.

Os planos que seguen formaban parte da memoria Xeral e poñían de relevo a correspondencia de gradacións directas cos valores inmobiliarios e a gradación inversa coas cargas unitarias de urbanización e indemnizacións.







O presente documento incorpora unha análise estatística específica que pon de relevo a coherencia entre os valores inmobiliarios unitarios de cada ámbito e sector, resultado da composición de usos, incluído o de vivenda protexida, e os correspondentes Valores Residuais do solo bruto (o valor recoñecido á propiedade do solo), resultado do efecto da edificabilidade, as cargas urbanísticas (urbanización local, xeral e indemnizacións necesarias) e a superficie delimitada.

O estudo de correlacións realizouse tomando unicamente os ámbitos e sectores a desenvolver polo Sistema de Compensación (326 sobre 380) **por canto** os previstos por Expropiación, Concerto e Expropiación incorporan axustes específicos de cargas de urbanización e valores residuais do solo¹.

O "Valor Residual Unitario" está moi relacionado coas dúas variables independentes: "Valor Inmobiliario Unitario" e "Índice de Edificabilidade Bruta", pero estas tamén o están entre si, como se observa nas tres figuras (a mellor relación dáse considerando as variables "Valor Residual Unitario" e "Índice de Edificabilidade Bruta" en logaritmos).

¹ O estudo de correlacións e axuste da función teórica que segue foi realizado por **Magdalena Ferrán**, Profesora Titular da EU de Estatística da UCM.

En consecuencia, ao facer o modelo de regresión por pasos coas dúas variables, entra no primeiro paso a máis relacionada, "Valor Inmobiliario Unitario", explicando o 86,0%. Aínda que a "Edificabilidade" mellora o axuste, só o fai nun 3,5%. Entre as dúas variables independentes a calidade do axuste é do 89,5%.


A ecuación de regresión correspondente ao axuste do logaritmo do “Valor Residual Unitario” (Y_i) sobre “Valor Inmobiliario Unitario” (X_i) e sobre o logaritmo do “Índice de Edificabilidade Bruta” (Z_i) toma a seguinte expresión:



$$\ln \hat{Y}_i = 3,607 + 0,004 \cdot X_i + 0,462 \cdot \ln Z_i$$

En consecuencia, o valor axustado do “Valor Residual Unitario” virá dado por:

$$\hat{Y}_i = e^{3,607+0,004 \cdot X_i} \cdot Z_i^{0,462}$$

O modelo na formulación indicada é polo tanto válido a efectos de previsión.





Resumen del modelo

Modelo	R	R cuadrado
1	,927(a)	,860
2	,946(b)	,895

a Variables predictoras: (Constante), ValorInmobiliarioUnitario



b Variables predictoras: (Constante), ValorInmobiliarioUnitario, LN(IndiceEdificabilidadeBruta)


Coeficientes(a)

Modelo		Coeficientes
1	(Constante)	3,607
	ValorInmobiliarioUnitario	,004
	LN(IndiceEdificabilidadeBruta)	,462

a Variable dependiente: LN(ValorResidualUnitario)


Os axustes lineais que seguen, reflicten igualmente as correlacións que quedan amplificadas polas elaboracións en base a valores logarítmicos. Todas as correlacións lineais son superiores ao 50% de significación.





Todos- 48% de Correlación

A maior prezo inmobiliario o PX atribuíulle maior carga de transformación porque “aguantan” máis.



A significación estatística dos valores residuais do solo en relación aos valores unitarios de repercusión de solar e a edificabilidade, referidos ao ano 2003, é do 89,5%, cun efecto da edificabilidade de só o 3,5%, o cal pon de relevo que dito efecto foi limitado ao mínimo con tal de garantir a **“proporcionalidade entre a edificabilidade resultante e as cargas e dotacións previstas”**, ás áreas de reparto ou novos desenvolvementos, pero recoñecendo á **propiedade de cada un o seu “valor de posición” na cidade** e no cal o mercado inmobiliario valora especialmente a distancia e accesibilidade en tempo ás diferentes centralidades da cidade.

2.2. Ámbitos especiais excluídos do equilibrio xeral: Sistemas de expropiación e concerto

O Plan aprobado provisionalmente recollía os seguintes ámbitos e sectores de actuación por expropiación e concerto. No primeiro caso son actuacións públicas do Concello, a excepción de Guixar cuxa xestión está prevista por Zona Franca, que se reflicten nos presupostos e as actuacións por concerto se refiren a desenvolvementos de características especiais xestionados por acordo con outras institucións, públicas ou privadas.

A táboa seguinte recolle as operacións concertadas e de expropiación recollidas no Plan:

Clave	Nome	Distrito	Sistema Actuación	Clase	Superficie Delimitada	Superficie Total Edificable	Superficie Computable
A-3-23	FENOSA(BALAÍDOS)	3	CONCERTO	SUNC	13.460	38.309	13.460
A-4-36	ESTACIÓN-CÁRCERE*	4	EXPROPIACIÓN	SUNC	56.919	77.148	16.015
A-5-47	ESTACION-INTERMODAL*	5	EXPROPIACIÓN	SUNC	24.368	20.295	3.242
S-65-D	PARQUE FORESTAL E DOTACIÓNS DE ZAMÁNS	0	CONCERTO	S.URBANIZABLE	121.351	10.548	113.377
S-59-I	POLÍGONO INDUSTRIAL DE RECUPERACIÓN E RECICLAXE*	0	EXPROPIACIÓN	S.URBANIZABLE	201.476	100.738	201.476
S-67-I	GARRIDA*	0	EXPROPIACIÓN	S.URBANIZABLE	195.092	97.546	183.725
S-61-D	COSTA VALADARES*	0	EXPROPIACIÓN	S.URBANIZABLE	591.056	267.960	574.323
S-66-D	HOSPITAL*	0	EXPROPIACIÓN	S.URBANIZABLE	246.831	246.831	246.831
S-64-D	EIRAVELLA	0	CONCERTO	S.URBANIZABLE	22.035	3.922	19.304
A-3-01	BOUZAS CASIANO*	3	EXPROPIACIÓN	SUNC	3.856	1.030	3.856
A-2-06	ROTEA*	2	EXPROPIACIÓN	SUNC	4.799	3.839	4.078
S-44-I	P.I.MATAMÁ-VALADARES*	0	EXPROPIACIÓN	S.URBANIZABLE	1.216.333	712.676	1.071.901
S-72-R	NAVIA*	0	EXPROPIACIÓN	S.URBANIZABLE	728.321	717.809	728.321
S-58-I	PARQUE TECNOLÓXICO E LOXÍSTICO*	0	EXPROPIACIÓN	S.URBANIZABLE	1.146.697	1.146.697	1.138.460
A-3-50	PROA	3	CONCERTO	SUNC	4.901	8.822	4.282
A-2-33	MONTANA	2	CONCERTO	SUNC	20.064	10.000	18.756
S-68-R	AREEIRO*	0	EXPROPIACIÓN	S.URBANIZABLE	30.356	12.446	29.972
S-33-I	A.P. BALAIÓDOS*	0	EXPROPIACIÓN	S.URBANIZABLE	223.771	167.828	212.235
S-32-R	GORGOSO	0	CONCERTO	S.URBANIZABLE	110.789	47.079	110.625
S-21-T/R	LÍNEIRIÑOS*	0	EXPROPIACIÓN	S.URBANIZABLE	1.508.069	854.953	2.027.366
A-6-39	BARXA*	6	EXPROPIACIÓN	SUNC	41.991	20.996	40.864
A-5-16	GUIXAR*	5	EXPROPIACIÓN	SUNC	150.950	206.553	120.853
A-7-38	ARIEIRO*	7	EXPROPIACIÓN	SUNC	28.890	7.223	20.322

A maioría de desenvolvementos por expropiación teñen por obxecto a construción de vivenda protexida, a construción de equipamentos ou o desenvolvemento de polígonos considerados estratéxicos e, en ocasións, presentan valores residuais negativos ó ser maiores as cargas de urbanización que os ingresos procedentes da venda de solo urbanizado.

Os ámbitos e sectores con valores negativos eran os seguintes:

Clave	Nombre	Iniciativa	Ingresos solares M€	Valor Apropr. M€	Indemniz. M€	Urbaniz. M€	Sist. Gene. M€	Total Glos. M€	Valor ref.suelo Exprop. €/ m2s	Valor res. €/ m2s	OBSERVACIONES
A-3-01	BOUZAS CASIANO	PÚBL-EXP.	0,2	0,2	0,1	0,3		0,4	171		Promoción vivienda protegida (100%)
A-3-04	SAN GREGORIO 2	PRIV-COMP	2,9	2,6	2,4	0,2		2,6	257	-0,0	Traslado industria
A-3-47	ESTAOO	PRIV-COMP	17,4	15,6	17,1	1,4		18,5	205	-193,3	Traslado industria
A-4-36	ESTACIÓN-CÁRCERE	PÚBL-EXP.	32,1	28,9	7,7	7,7	16,8	32,1	210		Promoción vivienda protegida (100%)
A-5-47	ESTACIÓN INTERMODAL	PÚBL-EXP.	14,7	13,2	6,4	2,9	6,0	15,3	636		Promoción pública de terciario hotelero
S-61-D	COSTA VALADARES	PÚBL-EXP.	-	-	0,4	2,5		2,8	68		Dotacional Adscrito a S-21-T/R- Lúieiriños
S-65-D	PARQUE FORESTAL E DOTACIÓNS DE ZA	PÚBL-CONC.	1,6	1,4	0,1	2,5		2,6	15	-9,7	Dotacional Comunidad Montes
S-66-D	HOSPITAL	PÚBL-EXP.	-	-	0,1	11,8		12,0	154		XUNTA. Equipamiento supramunicipal

2.3. Ámbitos con planeamento aprobado incorporados ao Plan

O documento do Plan aprobado provisionalmente incluía unha serie de ámbitos que dispoñían de planeamento aprobado. Nese caso o Plan asume a ordenación xa aprobada, así como as cargas e condicións normativas para o seu desenvolvemento.

Clave	Nome	Distrito	Sup. Delimitada	Sup. Computable	Total Edificable	Prod. Inmobiliario	Prod. Inm. Apropiable	Gtos. Trnsf.	Valor Residual
A-3-35	PEPRI BOUZAS	3	33.449	33.449	45.467	25.280.399	22.752.359	2.428.431	608
A-6-32	GARRIDA	6	203.668	172.073	81.467	19.931.502	17.938.352	7.935.265	58
A-5-71	METALÚRXICA	5	6.191	6.191	18.100	13.114.901	11.803.411	1.674.489	1.636
A-2-14	TOMADA	2	17.970	17.970	8.985	4.342.237	3.908.014	767.535	175
A-4-09	CALVARIO 6	4	6.356	5.054	17.930	12.000.502	10.800.452	3.771.601	1.391
A-4-73	PAZOS	4	6.979	4.694	12.911	9.386.203	8.447.582	3.161.975	1.126
A-4-24	REGUEIRO	4	5.933	4.760	6.599	5.155.377	4.639.840	2.043.281	545
A-8-54	PENIS 2	8	15.865	14.292	7.146	2.041.398	1.837.258	676.989	81
TOTAL			296.411	258.483	198.606	91.252.520	82.127.268	22.459.565	

En conxunto, todos os ámbitos con planeamento aprobado significan soamente o 1% do total da superficie e tamén o 1% do teito edificable do Plan.

2.4. Incidencia económica das modificacións introducidas pola Orden de 19 de xaneiro de 2007: ámbitos con incremento de cargas.

A Orde de 19 de xaneiro de 2007 da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes introducía uns cambios nunha serie de ámbitos e sectores que teñen repercusión nas cargas urbanísticas e, por tanto, nos resultados económicos. De todos eles, algúns foron xa cumprimentados e outros están aínda pendentes de realización.

A.- Relación dos cambios xa realizados e que afectan aos cálculos das fichas de xestión dos ámbitos e sectores, tomando como documento de partida o presentado en marzo de 2007.

- **S-01-R Rotea:** Redución da delimitación ao norte do sector ata os 200 metros da servidume de protección de costas, excepto na parte traseira das naves que se atopan no fronte da costa, e na parte leste do sector en liña co camiño cacharela. Suprímese así a adscrición do sistema xeral verde e a carga que tiña imposta para o soterrado das vías do ferrocarril no treito que estaba incluído dentro do sector. Tamén se reduce o índice de edificabilidade ata 0,63 m²t/m²s. media, neste momento, do solo urbanizable na cidade, cousa que será revisada en cada intre, por estar dentro dos 500 metros da costa.
- **S-83-R Rios 1:** Pásase á situación de solo urbano non consolidado que tiña na aprobación provisional.
- **A-8-22 Carballal 2:** Pásase á situación de solo urbanizable non delimitado índice de edificabilidade 0,3 m²t/m²s.
- **S-13-R Igrexa-Cabral:** Incorpórase unha área de solo urbano consolidado ao suroeste do sector variando a superficie delimitada, computable e revisando as cargas.
- **A-8-42 Penis:** Incorpórase unha área de solo urbano consolidado ao oeste do ámbito variando a superficie delimitada, computable e revisando as cargas.
- **A-4-58 Laxe 1:** Suprímese do ámbito unha area ao norte do mesmo, pasando a ser solo urbano consolidado variando a superficie delimitada, computable e revisando as cargas.
- **A-4-60 Viloura:** Incorpórase unha área de solo urbano consolidado ao leste do ámbito variando a superficie delimitada, computable e revisando as cargas.
- **S-26-R Pescadiera:** Incorpórase parte dunha área de solo urbano consolidado no interior do sector variando a superficie delimitada, computable e revisando as cargas.

- **S-25-R Costa Castrelos:** Incorpórase parte dunha área de solo urbano consolidado no interior do sector variando a superficie delimitada, computable e revisando as cargas.
- **A-4-65 Pousa:** Incorpóranse dúas áreas de solo urbano consolidado ao sur do ámbito variando a superficie delimitada, computable e revisando as cargas.
- **A-7-15 Barallas:** Incorpórase unha área de solo urbano consolidado no interior do sector variando a superficie delimitada, computable e revisando as cargas.
- **SUND-32 Cocho:** Pásase a situación de solo urbano non consolidado que tiña na aprobación provisional, recuperando así a súa edificabilidade 0,43 m²t/m²s. (A-7-25)
- **SUND-18 Outeiro-Bembrive:** Incorpórase parte dunha área de solo urbano consolidado ao oeste do urbanizable e outra ao sur.
- **SUND-17 Cabada 1:** Incorpórase parte dunha área de solo urbano consolidado no interior do urbanizable.
- **A-3-39 Sanín 2:** Incorpórase unha área de solo urbano consolidado ao norte do ámbito variando a superficie delimitada, computable e revisando as cargas.
- **A-6-14 San Xoa:** Pásase á situación de solo urbanizable non delimitado, fusionándose co xa existente SUND-28 San Xoán 1.
- **A-6-22 Bertolos:** Incorpórase unha área de solo urbano consolidado ao oeste do ámbito variando a superficie delimitada, computable e revisando as cargas.
- **A-6-16 Seixo:** Pásase á situación de solo urbanizable non delimitado índice de edificabilidade 0,3 m²t/m²s.
- **A-6-15 Carregal:** Incorpórase unha área de solo urbano consolidado ao leste do ámbito variando a superficie delimitada, computable e revisando as cargas.
- **S-53-R Xunqueira:** Incorpóranse dúas áreas de solo urbano consolidado situadas ao oeste do sector variando a superficie delimitada, computable e revisando as cargas.
- **A-2-26 Taberna:** Incorpóranse dúas áreas de solo urbano consolidado situadas ao sur do ámbito variando a superficie delimitada, computable e revisando as cargas.
- **A-2-35 Casas:** Incorpóranse dúas áreas de solo urbano consolidado unha ao sur do ámbito e a outra ao leste, variando a superficie delimitada, computable e revisando as cargas.

- **A-3-43 Igrexa 4:** Incorpóranse dúas áreas de solo urbano consolidado unha ao sur do ámbito e a outra ao leste, variando a superficie delimitada, computable e revisando as cargas.
- **S-78-R Igrexa 2:** Pásase á situación de solo urbano non consolidado que tiña na aprobación provisional, como tal non pode adscribir solos rústicos, polo que se suprime a adscripción de aprox. 7500 m² que tiña.
- **S-84-R Samil 1:** Pásase á situación de solo urbano non consolidado que tiña na aprobación provisional, recuperando a edificabilidade que tiña, 0,8 m²t/m²s. (A-2-09).
- Supresión das afeccións do trazado da saída sur do Ave nos seguintes ámbitos e Sectores **A-4-41 Barrios 2, S-79-R Campelos 1, A-4-52 Miraflores, S-26-R Pescadeira e S-28-R Peteta.**
- **Creación dun novo ámbito** de solo urbano non consolidado ao norte da nacional N-120 e ao sur do sector S-17-R Naia 2. Póñase a clave **A-8-55 Paz Pardo.**

B.- Relación dos cambios aínda non realizados e que afectan aos cálculos das fichas de xestión dos ámbitos e sectores, tomando como documento de partida o presentado en marzo de 2007.

- **A-5-03 Ríos 4:** Suprímese do ámbito unha área ao sueste do mesmo, pasando a ser solo urbano consolidado variando a superficie delimitada, computable e as cargas.
- **A-5-07 Ríos 3:** Suprímese do ámbito unha área no centro do mesmo, pasando a ser solo urbano consolidado variando a superficie delimitada, computable e as cargas.
- **S-59-I Parque Tecnolóxico:** Suprímese do sector unha área ao leste do mesmo, pasando a ser solo urbano non consolidado dentro do A-7-35 variando a superficie delimitada, computable e as cargas.
- **A-7-35 Quintián:** Incorpórase unha área que se suprime do S-59-I
- **S-44-I Matamá-Valadares:** Suprímese do sector unha área ao norte do mesmo, pasando a ser solo rústico forestal.
- **A-2-16 Combro:** Incorpórase unha área de solo urbano consolidado unha ao oeste do ámbito, variando a superficie delimitada, computable e as cargas.
- **Incorporación do trazado da autovía Vigo-Porriño.**

- **Reversión á situación de aprobación provisional en A-2-11, A-2-12, A-2-13, A-2-15 e S-31-R**, este último coas modificacións aprobadas pola comisión superior de urbanismo.

3. O MERCADO INMOBILIARIO DE GALIZA E VIGO NO CAMBIO DE CICLO: PREVISIÓNS 2007-2010 E CONCLUSIÓNS OPERATIVAS

3.1. A evolución dos prezos inmobiliarios ata 2003 e 2007

O mercado inmobiliario español tivo un ciclo expansivo en prezos e produción de máis de dez anos de forma ininterrompida. Os prezos nominais creceron en Galiza un 143% desde 1997 ó 2007 (1.394 €/m² construído e 572 €/m²c, respectivamente), de acordo coas estatísticas de prezos medios do Ministerio de Fomento que se detallan na táboa adxunta. Existen xa algúns indicadores que poñen de releve que se está producindo un cambio de ciclo a finais do 2007.

	Precios Galicia
1987	329
1988	413
1989	484
1990	530
1991	577
1992	539
1993	537
1994	543
1995	554
1996	563
1997	572
1998	595
1999	614
2000	661
2001	718
2002	800
2003	937
2004	1.060
2005	1.210
2006	1.394

Fuente:M^ade Fomento

% 1997-2006	144%
% 2003 -2006	49%

Os prezos medios de Vigo (2.676 €/m² construído), foron en 2006 un 96% máis elevados que os prezos medios de Galiza, segundo a mesma referencia do Ministerio de Fomento que se explica pola súa dimensión urbana, a dinámica da súa base económica e as características específicas dos produtos inmobiliarios transaccionados durante o ano.

	Municipio	Precios de vivienda		
		hasta dos años de antigüedad	con más de dos años de antigüedad	Total
2007 / 3	Vigo	2.676	1.996	2.359
2006 / 4	Vigo	2.686	1.925	
2005 / 1	Vigo	1.917	1.588	
2003 / 4	Vigo	1.551		
% 2003 - 2007		73%		
% 2003 - 2006		73%		
% 2003- 2005		24%		
% 2005- 2007		40%		

A viabilidade económica da distribución de cargas e beneficios dos ámbitos e sectores da Estratexia e Estudio Económico do Plan Xeral aprobado inicialmente en 2004 se xustificou partindo dos prezos medios da vivenda libre de 2003, segundo a estatística do Ministerio de Fomento de 1.551 €/m²c. (258.000 PTA)

Asímesmo, a **referencia básica de repercusión de solar da vivenda plurifamiliar**, sobre a que se aplican os coeficientes de uso, distrito e localización se situou nos 480 €/m²c (80.000 PTA) aos efectos da distribución de cargas e beneficios e o cumprimento do criterio de proporcionalidade entre ámbitos de reparto do artigo 110.1 da LGU 9/2002.

Dita referencia é aproximadamente a **repercusión media de solar en Vigo de aquel ano** coherente co prezo medio de venta, uns custos de construción no entorno dos 600 €/m² e a consideración dunha proporción do 40% de beneficios e xestión considerados na **normativa catastral de valoración**.

Aos efectos de manter a proporcionalidade de beneficios e cargas entre áreas de reparto co aumento da proporción de vivenda protexida, as dúas referencias básicas son:



- O incremento do **prezo medio da vivenda libre do 73%** entre 2003 e 2007.
- O incremento da **repercusión media de solar da vivenda libre no entorno 110%** no mesmo período coa actualización dos custos da construción moi inferiores ós inmobiliarios.

O mercado de solo sen urbanizar incorpora a incertidume do prazo de aprobación do planeamento e urbanización e especialmente polo feito que dimensión e prezo medio actúan en sentido contrario. A **información detallada sobre o mercado do solo bruto** non puido ser obtida con detalle no presente traballo.

O mercado inmobiliario tivo **ciclos significativos** nos últimos decenios, durante os cales os valores reais tiveron crecementos negativos. É o caso do estancamento entre 1975 e 1986 e especialmente entre 1992 e 1995, que coincide con períodos de recesión económica xeral.

A tendencia xeral dos prezos é a de crecemento en termos reais, porque os ciclos expansivos de 1986-1991 e especialmente os de 1996-97 ata o presente compensaron as reducións en valores reais das fases de recesión. Os gráficos adxuntos de evolución dos prezos 1987-2003, por Comunidades Autónomas e por cidades de Galiza, son expresivos neste sentido.

A **normativa de valoración hipotecaria de 2003 e 2007** obrigan a estimar o efecto previsible dun cambio de ciclo inmobiliario, que se presenta nos capítulos seguintes.



3.2. Metodoloxía de previsión da evolución da demanda e oferta de vivendas en España e Galicia 2

Na elaboración da análise de previsión utilizarase como indicador de oferta de vivenda nova a información relativa aos visados dos proxectos de execución outorgados polos Colexios de Arquitectos e, como indicador de demanda de vivenda, o número de hipotecas constituídas sobre vivenda. En ambos casos considerarase a serie trimestral de acumulados anuais: o dato correspondente ao trimestre t -ésimo será igual ao total dos doce meses precedentes, incluídos os do propio trimestre.

No que se refire ao tipo de interese, aínda que desde o primeiro trimestre de 2001 se considerará o principal indicador utilizado en España para fixar o tipo de interese das hipotecas, o Euribor a un ano, as observacións ata o cuarto trimestre de 2000 corresponden ao Mibor a un ano. Os datos que se utilizarán a efectos da análise corresponden á serie trimestral de promedios anuais: o dato relativo ao trimestre t -ésimo será igual á media dos valores publicados ao longo dos doce meses precedentes, incluídos os do propio trimestre.

Sexan:

V_t o acumulado anual de visados de proxectos de execución no trimestre t en España e en Galicia;

v_t o seu incremento interanual:

$$v_t = \frac{V_t}{V_{t-4}}$$

H_t o acumulado anual do número de hipotecas constituídas sobre vivenda no trimestre t en España e en Galicia

h_t o seu incremento interanual:

$$h_t = \frac{H_t}{H_{t-4}}$$


I_t o promedio anual do tipo de interese no trimestre t ;

i_t o seu incremento interanual:

$$i_t = \frac{I_t}{I_{t-4}}$$

² Elaboración a cargo de Magdalena Ferrán, Profesora Titular de la EU de Estadística da Universidade Complutense de Madrid.

O estudo que se propón ten a súa orixe na información proporcionada pola representación gráfica das series de incrementos trimestrais para a oferta, para a demanda cun desfase dun trimestre e para o tipo de interese, este último cun desfase de tres trimestres. Pode observarse a similitude entre as curvas de oferta e de demanda, así como a súa simetría fronte á curva do tipo de interese.



Referencias bibliográficas:

FERRÁN, M. (2006), *Tipo de interés y oferta de vivienda nueva*, Ciudad y Territorio: Estudios Territoriales, nº 148, 475-490

FERRÁN, M. *Demanda de vivienda frente al tipo de interés: Un análisis de sensibilidad*, Aceptado para su publicación en la revista "Ciudad y Territorio: Estudios Territoriales"

3.3. Previsións da evolución da oferta, demanda e prezos 2007-2010 en España e Galicia³

As hipóteses de evolución dos tipos de interese tomaron como referencia as previsións oficiais do Banco Central Europeo (**ECB Butletin, October 2007, páx. 33**). Concíbese basicamente un **escenario de mantemento dos tipos de interese como tendencia a medio prazo** cunha lixeira redución desde o 4,8% ao final do 2007 ao 4,4% en 2010, que evitaría caídas bruscas no mercado inmobiliario.

Os gráficos detallados presentan a evolución e o axuste de cada variable en función do tipo de interese.

TIPOS DE INTERÉSE

As previsións oficiais europeas (ECB Bulletin, páx. 33) situaríanse no 5,2% ao final do 2008, tendo empezado no 3,9% a finais do 2007.

As previsións medias do ECB son as seguintes:

2007: 4,8% (final: 5,2%)

2008: 4,6%

2009: 4,3%

2010: 4,4%

2011: 4,5%

2012: 4,6%

2013: 4,7%

2014: 4,8%

2015: 4,8%

2016: 4,9% =2017

España parte no terceiro trimestre de 2007 dun tipo de interese menor que o de referencia do ECB (4,24%) e polo tanto pódese aceptar unha evolución máis moderada, como a seguinte:

2007 (final): 4,26%

2007 (final): 4,31%

2007 (final): 4,36%

³ Elaboración a cargo de Magdalena Ferrán, Profesora Titular da EU de Estadística da Universidade Complutense de Madrid.

2007 (final): 4,46%

		tipos	Tipos 2	tipos 3
4t 1987	14,57	0,22		
1t 1988	14,43	0,20		
2t 1988	13,20	0,03	0,22	
3t 1988	12,10	- 0,13	0,20	0,22
4t 1988	11,81	- 0,21	0,03	0,20
1t 1989	12,62	- 0,13	- 0,13	0,03
2t 1989	13,63	0,03	- 0,21	- 0,13
3t 1989	14,60	0,19	- 0,13	- 0,21
4t 1989	15,10	0,25	0,03	- 0,13
1t 1990	15,26	0,19	0,19	0,03
2t 1990	15,35	0,12	0,25	0,19
3t 1990	15,45	0,06	0,19	0,25
4t 1990	15,44	0,02	0,12	0,19
1t 1991	15,14	- 0,01	0,06	0,12
2t 1991	14,45	- 0,06	0,02	0,06
3t 1991	13,73	- 0,12	- 0,01	0,02
4t 1991	13,08	- 0,17	- 0,06	- 0,01
1t 1992	12,61	- 0,18	- 0,12	- 0,06
2t 1992	12,61	- 0,14	- 0,17	- 0,12
3t 1992	12,91	- 0,06	- 0,18	- 0,17
4t 1992	13,31	0,02	- 0,14	- 0,18
1t 1993	13,50	0,07	- 0,06	- 0,14
2t 1993	13,30	0,05	0,02	- 0,06
3t 1993	12,31	- 0,05	0,07	0,02
4t 1993	10,91	- 0,20	0,05	0,07
1t 1994	9,59	- 0,34	- 0,05	0,05
2t 1994	8,63	- 0,43	- 0,20	- 0,05
3t 1994	8,33	- 0,39	- 0,34	- 0,20
4t 1994	8,44	- 0,26	- 0,43	- 0,34
1t 1995	8,99	- 0,06	- 0,39	- 0,43
2t 1995	9,59	0,11	- 0,26	- 0,39
3t 1995	9,93	0,18	- 0,06	- 0,26
4t 1995	10,00	0,17	0,11	- 0,06
1t 1996	9,55	0,06	0,18	0,11
2t 1996	8,82	- 0,08	0,17	0,18
3t 1996	8,12	- 0,20	0,06	0,17
4t 1996	7,36	- 0,31	- 0,08	0,06
1t 1997	6,64	- 0,36	- 0,20	- 0,08
2t 1997	6,09	- 0,37	- 0,31	- 0,20
3t 1997	5,58	- 0,38	- 0,36	- 0,31
4t 1997	5,20	- 0,35	- 0,37	- 0,36
1t 1998	4,87	- 0,31	- 0,38	- 0,37
2t 1998	4,61	- 0,28	- 0,35	- 0,38
3t 1998	4,33	- 0,25	- 0,31	- 0,35
4t 1998	4,00	- 0,26	- 0,28	- 0,31
1t 1999	3,69	- 0,28	- 0,25	- 0,28
2t 1999	3,32	- 0,33	- 0,26	- 0,25
3t 1999	3,11	- 0,33	- 0,28	- 0,26
4t 1999	3,15	- 0,24	- 0,33	- 0,28
1t 2000	3,42	- 0,08	- 0,33	- 0,33
2t 2000	3,92	0,17	- 0,24	- 0,33
3t 2000	4,42	0,35	- 0,08	- 0,24
4t 2000	4,77	0,41	0,17	- 0,08
1t 2001	4,89	0,36	0,35	0,17
2t 2001	4,82	0,21	0,41	0,35
3t 2001	4,54	0,03	0,36	0,41
4t 2001	4,08	- 0,16	0,21	0,36
1t 2002	3,86	- 0,24	0,03	0,21
2t 2002	3,72	- 0,26	- 0,16	0,03
3t 2002	3,56	- 0,24	- 0,24	- 0,16
4t 2002	3,49	- 0,16	- 0,26	- 0,24
1t 2003	3,22	- 0,18	- 0,24	- 0,26
2t 2003	2,81	- 0,28	- 0,16	- 0,24
3t 2003	2,50	- 0,35	- 0,18	- 0,16
4t 2003	2,34	- 0,40	- 0,28	- 0,18
1t 2004	2,24	- 0,36	- 0,35	- 0,28
2t 2004	2,25	- 0,22	- 0,40	- 0,35
3t 2004	2,29	- 0,09	- 0,36	- 0,40
4t 2004	2,27	- 0,03	- 0,22	- 0,36
1t 2005	2,32	0,04	- 0,09	- 0,22
2t 2005	2,29	0,02	- 0,03	- 0,09
3t 2005	2,26	- 0,01	0,04	- 0,03
4t 2005	2,33	0,03	0,02	0,04
1t 2006	2,49	0,07	- 0,01	0,02
2t 2006	2,77	0,19	0,03	- 0,01
3t 2006	3,13	0,32	0,07	0,03
4t 2006	3,44	0,39	0,19	0,07
1t 2007	3,72	0,38	0,32	0,19
2t 2007	3,99	0,36	0,39	0,32
3t 2007	4,24	0,31	0,38	0,39
4t 2007	4,26	0,21	0,36	0,38
1t 2008	4,27	0,14	0,31	0,36
2t 2008	4,29	0,07	0,21	0,31
3t 2008	4,30	0,01	0,14	0,21
4t 2008	4,31	0,01	0,07	0,14
1t 2009	4,33	0,01	0,01	0,07
2t 2009	4,34	0,01	0,01	0,01
3t 2009	4,36	0,01	0,01	0,01
4t 2009	4,37	0,01	0,01	0,01
1t 2010	4,39	0,01	0,01	0,01
2t 2010	4,40	0,01	0,01	0,01
3t 2010			0,01	0,01
4t 2010			0,01	0,01



GALICIA- OFERTA

	1998	1999	2000	2001	2002	2003	2004	2005
A Coruña	11616	16968	16962	13384	16030	20695	17611	20206
Lugo	3438	3899	4399	3161	3276	5089	4869	7751
Ourense	1997	2707	3524	2527	2789	2878	3206	3984
Pontevedra	9826	7944	12018	11135	11460	13394	14120	14952
GALICIA	26877	31518	36903	30207	33555	42056	39806	46893

A cifra de vivendas visadas en 2005 é equivalente a 18 vivendas por 1000 residentes e ano en Galicia. Dito estándar medio aplicado a Vigo é equivalente a unha produción potencial de 5.410 vivendas, se non existisen limitacións na oferta de solo

FONTE: CONSELLO SUPERIOR DOS COLEZIOS DE ARQUITECTOS DE ESPAÑA

	OFERTA-GALICIA	
2007	-14,8%	acumulado
2008	-5,9%	-19,8%
2009	-1,0%	-20,7%
2010	-1,0%	-21,5%
% Medio Anual	-5,7%	



ESPAÑA- OFERTA

ESPAÑA- CICLOS ECONÓMICOS E INMOBILIARIOS EN 45 AÑOS (1960-2006): (PIB per cápita a valores actuales pasa de 5.000\$ a 26.000 \$)


1959 (Plan de Estabilización) – 1975 (Crisis de petróleo- Fin Dictadura política)
1986 (Integración Europea) – 1992 (Crisis Mundial) – 1996 (Tipos de Interés)

2006: Precios = 41% de la Renta Familiar media (2003:31%) =5 Salarios/año



Hipotecas al 3,60% (1990-92: +- 10%; 1985-89: +-15%)

Viviendas acabadas = 65-75% de las viviendas “visadas”

Importancia de la demanda en zonas turísticas fuera de Madrid y Barcelona en todas las fases





	OFERTA-ESPAÑA	
2007	-17,6%	Acumulado
2008	-7,1%	-23,5%
2009	-1,2%	-24,4%
2010	-1,2%	-25,4%
% Medio Anual	-6,8%	





GALICIA- DEMANDA

	GALICIA- DEMANDA	
2007	-4,2%	acumulada
2008	2,8%	-1,5%
2009	4,3%	2,7%
2010	4,3%	7,0%
% Medio	1,8%	




ESPAÑA- DEMANDA

	ESPAÑA- DEMANDA	
2007	-4,9%	Acumulada
2008	3,2%	-1,8%
2009	4,9%	3,1%
2010	5,0%	8,2%
% Medio	2,1%	




GALICIA – PREZOS

GALICIA- PREZOS		
2007	3,9%	acumulado
2008	-1,8%	2,0%
2009	-4,1%	-2,2%
2010	-6,0%	-8,0%
% Medio	-2,0%	
	Variación real acumulada	-10,3%



ESPAÑA- PREZOS

	Prezos España	
2007	6,0%	acumulado
2008	-0,7%	5,2%
2009	-3,6%	1,5%
2010	-5,8%	-4,4%
% Medio	-1,0%	
	Variación real acumulada	-6,7%



O resumo dos axustes e previsións é o seguinte:

- **Oferta (vivendas visadas):**

- o Galicia: A oferta redúcese un -21,5% en 4 anos (-5,7% anual)

	OFERTA-GALICIA	
2007	-14,8%	Acumulado
2008	-5,9%	-19,8%
2009	-1,0%	-20,7%
2010	-1,0%	-21,5%
% Medio Anual	-5,7%	

- o España: A oferta redúcese un -25,4% en 4 anos (-6,8% anual)

	OFERTA-ESPAÑA	
2007	-17,6%	Acumulado
2008	-7,1%	-23,5%
2009	-1,2%	-24,4%
2010	-1,2%	-25,4%
% Medio Anual	-6,8%	

- **Demanda (hipotecas):**

- o Galicia: A demanda aumenta un 7,0% en 4 anos, equivalente a 1,8% anual

	GALICIA- DEMANDA	
2007	-4,2%	acumulada
2008	2,8%	-1,5%
2009	4,3%	2,7%
2010	4,3%	7,0%
% Medio	1,8%	

- o España: A demanda aumenta un 8,2% en 4 anos, equivalente a 2,1% anual

	ESPAÑA- DEMANDA	
2007	-4,9%	Acumulada
2008	3,2%	-1,8%
2009	4,9%	3,1%
2010	5,0%	8,2%
% Medio	2,1%	

- **Prezos**

- o Galicia: Variación acumulada do -8,0% en 4 anos, equivalente ao -10,3% en termos reais, descontando a inflación.

GALICIA- PREZOS		
2007	3,9%	acumulado
2008	-1,8%	2,0%
2009	-4,1%	-2,2%
2010	-6,0%	-8,0%
% Medio	-2,0%	
	Variación real acumulada	-10,3%

- o España: Variación acumulada do -4,4% en termos monetarios, equivalentes ao -6,7% en termos reais, descontando a inflación

	Prezos España	
2007	6,0%	acumulado
2008	-0,7%	5,2%
2009	-3,6%	1,5%
2010	-5,8%	-4,4%
% Medio	-1,0%	
	Variación real acumulada	-6,7%

É polo tanto prudente e razoable, en termos económicos, reducir os prezos da vivenda libre do ano 2007 nun 10% aos efectos dos cálculos inmobiliarios aplicados aos aproveitamentos urbanísticos do Plan Xeral nos próximos 8 anos, realizados en valores inmobiliarios reais, sen variacións especiais da demanda a medio prazo cun escenario de mantemento dos tipos de interese.

4. O OBXECTIVO DO 40% DE TEITO RESIDENCIAL CON ALGÚN TIPO DE PROTECCIÓN PÚBLICA EN TODOS OS ÁMBITOS E SECTORES DO PLAN

4.1 Impactos económicos no mercado inmobiliario


O Concello introduciu un novo obxectivo en relación ás reservas de vivenda protexida, para situala como mínimo no 40% da nova superficie edificable residencial do Plan Xeral, cando a proporción do Plan aprobado provisionalmente era do 20%, con limitadas excepcións.

A primeira consecuencia económica é a redución dos “valores expectantes” do solo na medida que a vivenda protexida se sitúa moi por debaixo do prezo da vivenda libre.

Se trata unicamente dunha redución de valores expectantes na medida que o Plan Xeral non está definitivamente aprobado. Os solos con actividade exclusiva non recibirán ningún efecto económico mentres deste efecto se irá incrementando na medida que aumente a proporción de vivenda.

Por outra parte o impacto en valores económicos absolutos será maior canto maior sexa o diferencial de prezos entre a vivenda libre e a protexida, pero en termos relativos **a redución de valores expectantes será maior canto menor é o diferencial.**

O gráfico adxunto que o ilustra está baseado en valores medios de cargas urbanísticas do Plan de 2003 e en dous valores de edificabilidade (0,5 m²/m² y 0,50 m²/m²), con dúas hipótese de proporción de vivenda protexida e o prezo medio da vivenda libre segundo a estatística do Ministerio de Fomento do terceiro trimestre de 2007.



A redución de expectativas por parte dun Plan Xeral non ten máis límite, como se reiterou, que asegurar a viabilidade económica de todos os desenvolvementos e que o valor dos solares compense as cargas urbanísticas.

A edificabilidade aumenta liñalmente os valores residuais do solo mantendo o mesmo de nivel de cargas urbanísticas e reservas de vivenda protexida cando estas son fixas. Consecuentemente a igualación dos valores residuais do solo, en función das diferentes localizacións na cidade, orientase **a compensar con custos de urbanización locais e de cidade (“urbanización a maiores” ou sistemas xerais) e con reservas de vivenda protexida** o efecto diferencial do valor da edificabilidade.

4.2. Metodoloxía para a análise de viabilidade económica das cargas urbanísticas e do equilibrio entre áreas de reparto

A Estratexia de Actuación e Estudo Económico do Plan Xeral de Vigo, aprobado inicialmente en decembro de 2004, contiña o estudo de mercado dos distintos produtos inmobiliarios na cidade que serviu de base á análise de viabilidade das cargas urbanísticas, así como do equilibrio de beneficios e cargas entre as distintas áreas de reparto do Plan.

O documento presentado en abril de 2007 para aprobación provisional, incorporou as modificacións provenientes das alegacións presentadas no período de exposición pública, que foran aceptadas polo Concello dentro do trámite normal de redacción e aprobación dun plan xeral, sen modificar os prezos inmobiliarios básicos da análise anterior nin as cargas urbanísticas básicas.

Nestes momentos, ante o enfoque de incrementar a proporción de teito edificable dedicado a vivenda con algún tipo de protección pública, co obxectivo municipal do 40%, procede unha nova análise de viabilidade económica.

O exercicio consiste, en primeiro lugar, en analizar a viabilidade económica da incorporación do precepto de reservar un 40% do teito residencial para vivendas con algún tipo de protección pública, en todos os ámbitos e sectores de novo desenvolvemento que propón o Plan. Ao mesmo tempo, hai que argumentar para todos os ámbitos e sectores unhas condicións equiparables no equilibrio entre beneficios e cargas.

Para isto pártese da proposta de ordenación urbanística contida no documento presentado en abril de 2007 para a aprobación provisional do Plan, que se mantén como tal e que seguirá o proceso administrativo regulamentario ata a súa presentación para aprobación definitiva. A única modificación que se pretende introducir, aparte dalgúns axustes derivados da Orde de 19 de xaneiro, da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transporte, é a do incremento de teito dedicado a vivenda protexida, sen modificar o teito total residencial nin a edificabilidade. En consecuencia, a análise centrarase nas condicións de viabilidade de tal medida e a valoración económica das diferenzas que isto puidera producir nas plusvalías xeradas polo desenvolvemento urbanístico dos diferentes ámbitos e sectores do Plan.

Trátase, en definitiva, de argumentar a viabilidade e equilibrio económico da modificación proposta, a partir da actualización das principais variables que se utilizaron no documento presentado en abril de 2007.

O estudo de viabilidade económica baséase nun modelo estático de análise de rendibilidade económica, aplicado a cada ámbito e sector do Plan. Consiste esencialmente no cálculo do valor residual do solo antes de comezar a urbanización, a partires dos prezos medios de mercado do produto inmobiliario final e tendo en conta todos os custos de construción e transformación do solo, así como dos gastos de xestión asociados e o recoñecemento dun beneficio empresarial a quen inviste na operación.

4.3. Actualización das variables fundamentais para a viabilidade económica

Prezos dos produtos inmobiliarios finais e custes de construción

O punto de partida da análise de viabilidade son os prezos dos produtos inmobiliarios finais. A actualización destes prezos fíxose tendo en conta os datos oficiais do Ministerio de Vivenda de valores medios do prezo da vivenda nova (menos de dous anos) para o municipio de Vigo, as testemuñas facilitadas pola Xerencia de Urbanismo do Concello de Vigo e a análise de testemuñas de parques empresariais públicos na contorna de Vigo⁴, cuxos valores se sitúan próximos ao 50%-60% dos prezos en parque privados.

As testemuñas actuais permitiron comprobar que a relación de prezos inmobiliarios entre os distintos distritos que contempla o Plan Xeral mantense respecto da situación do estudo de mercado realizado para a aprobación inicial.

Os custos de construción estimáronse tendo en conta os módulos utilizados polo Colexio de Arquitectos e os que figuran no Boletín Económico da Construción e a experiencia comparada.

Unha aplicación do modelo residual permite obter, a partir dos datos de prezos do produto final e custo de construción, os valores estimados de repercusión de solar.

Os prezos e custos básicos utilizados na presente análise de viabilidade son os que figuran no cadro seguinte:

	Coef. precio	Precio Venta €/ m2t	Coef. CC	Coste Constr. €/ m2t	V. Repercusión Solar €/ m2t	V. Repercusión Solar PTA/ m2t	2003 PTA/ m2t	Dif.
Unifamiliar libre					568	94.560	48.000	97%
Unifamiliar protegida		1.136	0,8	594	218	36.223	26.667	36%
Vivienda Libre	1	2.408	1	772	948	157.781	80.000	97%
Vivienda Protegida	0,63	1.514	0,9	695	387	64.381	40.000	61%
Terciario Comercial	0,75	1.806	0,7	502	788	131.181	75.000	75%
Terciario Hotelero	0,9	2.168	1,0	772	776	129.158	75.000	72%
Industrial	0,5	1.204		360	500	83.217		
Dotacional Privado	0,7	1.686	0,7	540	664	110.447	75.000	47%

Respecto dos datos anteriores hai que especificar que:

- Os valores utilizados como prezo medio da vivenda libre nos próximos oito-dez anos, en termos reais, son un 10% por debaixo dos prezos medios de Vigo, segundo os datos do Ministerio da Vivenda para o primeiro trimestre de 2007.

⁴ Estudo realizado para o IGVS en 2006

Trátase de prezos prudentes, tendo en conta que nos atopamos nun cambio de ciclo inmobiliario, tal como se explica no punto 4.3.

- b) Os valores medios da vivenda protexida calculáronse cos valores actuais que figuran para Vigo no Plan de Vivenda de Galicia 2005-2008, coa hipótese xeral de que un 20% será de réxime xeral, un 10% de réxime especial e un 10% de prezo concertado. Con todo, o planeamento de desenvolvemento xa establecerá, en cada caso, as determinacións correspondentes.
- c) A vivenda unifamiliar actualizouse co mesmo incremento do valor de repercusión de solar que a vivenda colectiva libre.

Costes de urbanización

Segundo o Anuario 2006 do Ministerio de Fomento, os índices de variación dos custos do sector da construción son os que se recollen no seguinte cadro:

5. Indicadores económicos de la construcción

7.1. Índices de costes del sector de la construcción (Año base 1990)

AÑOS	Índices ponderados			Componentes			
	Total	Edificación	Ingeniería Civil	Mano de obra	Materiales y consumos diversos		
					Total	Edificación	Ingeniería Civil
1985	79,5	78,4	84,1	68,4	86,0	84,2	93,9
1990	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0
1992	108,7	108,6	109,0	120,2	102,0	101,9	102,0
1993	112,7	112,5	113,5	128,1	103,6	103,4	104,3
1994	116,5	116,2	117,6	131,5	107,6	107,3	108,8
1995	122,0	121,8	122,7	136,4	113,5	113,4	114,1
1996	125,6	125,2	126,9	142,6	115,5	115,2	117,0
1997	128,3	127,8	130,3	148,0	116,6	116,0	119,0
1998	130,1	130,0	130,2	152,3	116,9	117,1	116,3
1999	132,4	132,0	133,9	155,9	118,5	118,2	119,9
2000	139,9	137,7	148,7	161,6	127,1	124,0	140,6
2001	143,4	141,5	150,9	169,3	128,0	125,4	139,2
2002	145,6	143,8	152,6	174,3	128,6	126,2	139,0
2003	148,8	146,9	156,3	185,2	129,6	127,1	140,6
2004	156,4	153,9	166,2	191,7	137,1	133,6	151,9
2005	164,0	160,5	178,7	199,9	146,3	141,0	169,1
2006	174,7	170,6	191,3	208,7	156,4	150,4	182,3

Fuente: Índices de Producción de la Industria de la Construcción. Dirección General de Programación Económica. Ministerio de Fomento.

De acordo cos índices anteriores, o incremento de custos entre 2003 e 2007 é dun 17,4% no seu conxunto, cun 16% en edificación e un 22,4% en obra civil. Se temos en conta que a aplicación do Código da Edificación (2007) supón un incremento de custos de aproximadamente un 10%, os aumentos nos custos de edificación sitúanse arredor do 27% por encima dos de 2003 e os custos de urbanización incrementáronse nun 22,4%.

A estimación dun incremento do 25% dos módulos unitarios de urbanización, tanto ordinaria como especial, do Plan Xeral no período 2003-2007 é, polo tanto, unha estimación prudente.

Indemnizacións

A actualización que fixo das valoracións das indemnizacións que figuran no documento presentado para a aprobación provisional é a seguinte:

- o Indemnización de vivendas: 75%
- o Indemnización construcións: 30%
- o Indemnización traslado de industrias: 75%

Outras cargas segundo convenio

En termos reais non se modificaron, unicamente actualizaronse coa inflación (15% en total para os 4 anos)

4.4 ANÁLISIS DE VIABILIDADE ECONÓMICA DO INCREMENTO DA PROPORCIÓN DE VIVENDA PROTEXIDA POR SISTEMAS DE XESTIÓN: RESULTADOS POR DISTRITOS E POR ÁMBITOS E SECTORES

O informe de viabilidade ten por obxecto analizar as posibilidades de cumprimento do obxectivo de reservar o 40% do teito residencial para vivendas con algún tipo de protección pública, en todos os ámbitos e sectores do Plan Xeral de Vigo. Elo sen modificar a ordenación, nin a edificabilidade, nin a oferta de teito para cada uso respecto da proposta presentada en abril de 2007, que incorporaba algúns axustes ó documento aprobado provisionalmente derivados da Orden de 19 de xaneiro de 2007, da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes.

A aplicación concreta da metodoloxía de traballo explicada seguiu un proceso iterativo, en orden a verificar a viabilidade económica da introducción do obxectivo do 40% de teito residencial de protección a tres escalas:

- No conxunto da proposta do Plan Xeral
- No solo urbanizable e en cada un dos distritos de solo urbano non consolidado
- En todos os ámbitos de solo urbano non consolidado e en todos os sectores de solo urbanizable

Comezouse aplicando a mesma porcentaxe de teito residencial protexido en todos os ámbitos e sectores do Plan, a excepción de aqueles que xa tiñan máis do 40% na proposta anterior e os que dispoñen xa de planeamento aprobado. Eran os seguintes:

Ámbitos e sectores con 40% o máis teito de protección en o documento de aprobación provisional:

- | | | |
|-----------------------------|------|----------------------------|
| - S-08-R Cereiro | 60% | |
| - S-76-R Valada | 40% | |
| - S-72-R Navia | 100% | Expropiación |
| - A-2-06 Rotea | 100% | Expropiación |
| - A-3-01 Bouzas Casiano | 100% | Expropiación |
| - A-4-36 Estación - Cárcere | 100% | Expropiación |
| - A-5-16 Guixar | 40% | Expropiación (Zona Franca) |
| - A-6-39 Barxa | 50% | Expropiación |

Ámbitos con planeamento aprobado:

Clave	Nome	Resid.	Sup. Delimitada m2s	Sup. Computable m2s	Total Edificable m2t	EdificabilidadBruta m2s/m2t	Techo Residencial m2t	Total Gastos M€	Total Gastos €/m2t	Valor Apropiable M€	Valor Apropiable €/m2t	Valor Residual €/m2s	Vivenda Protexida S/Tot.Res.	Viv. Protexida Aprobacion Provisional	Dif.	
S-67-I	GARRIDA	I	0,05%	195.092	183.725	97.546	0,53	4.877	8,7	89,2	24,2	276	85	20%	20%	0%
A-2-14	TOMADA	R	100%	17.970	17.970	8.985	0,50	8.985	1,0	106	8	961	379	0%	0%	0%
A-3-35	PEPRI BOUZAS	R	61%	33.449	33.449	45.467	1,36	27.628	3,0	67	42	1.037	1.178	20%	20%	0%
A-4-09	CALVARIO 6	R	100%	6.356	5.054	17.930	2,82	17.930	6,2	347	21	1.320	2.985	0%	0%	0%
A-4-24	REGUEIRO	R	100%	5.933	4.760	6.599	1,11	6.599	3,4	514	9	1.541	1.209	0%	0%	0%
A-4-73	PAZOS	R	100%	6.979	4.694	12.911	1,85	12.911	5,2	399	17	1.434	2.452	0%	0%	0%
A-5-71	METALÚRXICA	R	75%	6.191	6.191	18.100	2,92	13.575	2,5	139	23	1.386	3.240	0%	0%	0%
A-8-54	PENIS 2	R	100%	15.865	14.292	7.146	0,45	7.146	0,8	118	4	564	195	0%	0%	0%
TOTAL				92.743	86.410	117.139	1,36	94.775	22,1	189	123,5	1.054		7%		

A condición de viabilidade económica ven determinada pola capacidade dos valores inmobiliarios para, unha vez compensados todos os custos de edificación e de transformación do solo, co correspondente beneficio empresarial, remunerar o dereito patrimonial do solo de acordo co seu valor antes da urbanización (valor residual).

O equilibrio económico entre las distintas áreas de reparto ven determinado pola relación entre os distintos valores recoñecidos á propiedade do solo antes de urbanizar, en relación ós valores inmobiliarios que o Plan lles concede.

O documento de abril de 2007 presentaba, tal como quedou demostrado no punto anterior, unha alta correlación (89,5%) entre os valores inmobiliarios unitarios e os valores residuais unitarios do solo ó inicio, o cal significa que o Plan estaba equilibrado. En consecuencia, o nivel de incremento viable de teito residencial para vivenda protexida, en cada ámbito e sector do Plan, será agora aquel que unha vez actualizados os prezos e custos de acordo coa evolución argumentada, permita obter en cada un deles uns valores residuais para o solo antes de urbanizar cun mesmo incremento relativo respecto aos que tiñan o documento anterior. Dito incremento debe manter a correlación co crecemento medio dos valores inmobiliarios do solo urbanizado (que foi de, aproximadamente, o 100% para o uso residencial libre, nos últimos 4 anos), aínda que por debaixo daqueles (aumentos do 75% en 4 anos) para permitir a necesaria recuperación de plusvalías para a cidade, que no presente caso se traducen no incremento da vivenda protexida.

A condición de viabilidade e de equilibrio económico para todos e entre todos os ámbitos e sectores supón diferentes niveis de vivenda protexida en cada un deles, posto que es agora a única variable de axuste e equilibrio entre beneficios e cargas. Virá condicionada fundamentalmente por:

- A distribución de usos, posto que usos non residenciais viron incrementado o seu valor inmobiliario que non se compensa con maiores proporcións de vivenda protexida.
- As indemnizacións, posto que non todos os custos de indemnización tiveron a mesma evolución.
- As modificacións de delimitacións e cargas en algúns dos ámbitos e sectores como consecuencia do cumprimento da Orden de 19 de xaneiro de 2007.

O cálculo da porcentaxe de vivenda protexida, en cada caso, se fixo a partires dos valores inmobiliarios do solo urbanizado (solares) e das cargas de transformación do solo (custos de urbanización e indemnizacións) asumindo, como se fixo nas fases anteriores de tramitación do Plan, que tradicionalmente en Vigo veñen recoñecendo o dereito de propiedade e do solo antes de urbanizar a diferenza entre o valor de solar e os custos de transformación, é dicir, recoñecendo á propiedade o beneficio da transformación.

A proporción de teito residencial que deberá dedicarse a vivenda con algún tipo de protección será o que permita, unha vez descontados todos os custos de transformación, un valor residual do solo antes de urbanizar superior ó que tiña cos valores do 2003, utilizados na documentación da aprobación provisional do Plan, co mesmo incremento relativo en todos os ámbitos e sectores.

Para o cálculo concreto aplicouse o algoritmo que se detalla a continuación a cada un dos ámbitos e sectores de xestión privada.

Sabendo que o valor residual do solo é:

$$vr = ((vpi \cdot 0,9) - tgt - csc) / sc, \text{ ou o que é o mesmo, } vpi = (vr \cdot sc + tgt + csc) / 0,9$$

Sendo:

vr: valor residual do solo (€/m²s)

vpi: valor inmobiliario apropiable dos solares (€)

tgt: gastos de transformación (€)

csc: outros custos segundo convenio

sc: total solo computable

$$\text{E que: } vpi = vrs + vtx + vth + vin + vdt, \text{ ou tamén, } vrs = vpi - vtx - vth - vin - vdt$$

Sendo:

vrs: valor inmobiliario solares residenciais (€)

vtx: valor inmobiliario solares de terciario comercial (€)

vth: valor inmobiliario solares de terciario hoteleiro (€)

vin: valor inmobiliario solares de uso industrial (€)

vdt: valor inmobiliario solares de dotacional privado (€)

Polo que:

$$vrs = ((vr \cdot sc + tgt + csc) / 0,9) - vtx - vth - vin - vdt$$

E, posto que o valor inmobiliario dos solares residenciais depende da proporción de vivenda protexida:

$$Vrs = \%L * pL * TR + \%P * pP * TR \quad \text{e tamén} \quad \%L = 1 - \%P$$

Onde:

%L: porcentaxe de teito residencial libre

%P: porcentaxe de teito residencial protexido

pL: valor unitario dos solares para vivenda libre (€/m²t)

pP: valor unitario dos solares para vivenda protexida (€/m²t)

TR: teito total residencial

En definitiva:

$$\%P = ((vrs/TR) - pL) / (pP - pL)$$

Nos ámbitos e sectores que se desenvolven por expropiación a decisión sobre a proporción de teito residencial protexido é unha decisión de inversión do Concello, en función dos seus obxectivos de política urbanística e de vivenda. En consecuencia a análise de viabilidade ten por obxecto fundamentalmente valorar o importe da inversión necesaria e os recursos económicos do Concello para o seu financiamento. O caso especial é Guixar, que é unha expropiación con xestión previsible de Zona Franca, que terá que ser autofinanzable, polo que a carga de vivenda protexida asignada seguiu o algoritmo explicado anteriormente para as actuacións privadas.

O cadro da páxina seguinte recolle os ámbitos e sectores a xestionar polo sistema de expropiación:

ÁMBITOS Y SECTORES POR EL SISTEMA DE EXPROPIACIÓN

Clave	Nombre	A	B	C		D	E	F	G	H	I	J	K	L	M		N	OBSERVACIONES
		Superf. m2s	Techo m2t	Ingresos (90%) Valor Inmobiliario M€	Valor Inmobiliario €/ m2t		Indemniz. M€	Urbanización M€	M€/ HA	Urb. Especial M€	Total Gros. (E+F+H) M€	Valor ref.suelo Exprop. €/ m2s	Inv.Pública (J+K+I) M€	Ingr. Solares (C) M€	Ingr. Presupuesto 10% Aprov. M€	Gros. Presupuesto (L- K) M€		
A-2-06	ROTEA	4.078	3.839	1,30	376			0,2	0,5		0,2	230	1	1	0,1	0		
A-3-01	BOUZAS CASANO	3.856	1.030	0,40	431		0,2	0,3	0,7		0,5	299	2	0,4	0,04	-1		
A-4-36	ESTACIÓN-CÁRCERE	16.015	77.148	49,50	713		13,4	30,6	19,1		44,0	368	50	50	6	-0,4		
A-5-16	GUIXAR	120.853	206.553	137,10	738		38,0	51,4	4,3		89,4	395	137	137	15			
A-6-39	BARXA	40.864	20.996	6,50	344		1,1	1,9	0,5		3,0	86	7	7	1	-0,01		
A-7-38	ARIBRO	20.322	7.223	4,10	631		0,9	1,7	0,8		2,6	42	3	4	0	1		
TOTAL S. URBANO NO CONSOLIDADO		205.988	316.789	198,90	698		53,6	86,1	4,2	-	139,7	292	200	199	22	-1		
S-21-T/R	LIÑEIRIÑOS	2.027.366	854.953	402,70	523		17,4	62,2	0,3	62,4	142,0	129	398	403	45	5	El suelo computable incluye Costa Valadares Adscrito a Liñeiriños	
S-61-D	COSTA VALLADARES	574.323	267.960				0,3	31,0	0,5		31,3	119	31	-	-	-31		
S-44-I	P.I. MATAMÁ - VALLADARES	1.071.901	712.676	194,10	303		0,6	54,8	0,5		55,4	114	178	194	22	17		
S-58-I	PARQUE TECNOLÓGICO ELOG.	1.138.460	1.146.697	325,50	315		9,3	60,3	0,5		69,6	225	326	326	36	-0,3		
S-59-I	POL. INDUSTRIAL DE RECUPER	201.476	100.738	16,60	183			7,6	0,4		7,6	44	16	17	2	0		
S-66-D	HOSPITAL	246.831	246.831				0,1	14,8	0,6		14,9	269	81	-	-	-81		
S-67-I	GARRIDA	183.725	97.546	24,20	276		1,4	7,3	0,4		8,7	85	24	24	3	-0		
S-68-R	AREIRO	29.972	12.446	6,90	616			1,6	0,5		1,6	176	7	7	1	0		
S-72-R	NAMIA	728.321	717.809	276,80	428		0,4	48,2	0,7		48,6	311	275	277	31	2		
TOTAL S. URBANIZABLE		6.202.375	4.157.656	1.246,80	333		29,5	287,8	0,5	62,4	379,7	154	1.336	1.247	139	-90		
TOTAL EXPROPIACIÓN		6.408.363	4.474.445	1.446	359		83,1	373,9	0,6	62,4	519,4	159	-	1.446	161	-91		
TOTAL													4.608	4.336	482	-272		

O total de inversión que terá que realizar o Concello é de 4.471 M€ (743.912 MPTA), dado que Guixar (137 M€) se prevé que o xestione Zona Franca e é autosuficiente. Os recursos directos para a financiamento das actuacións por expropiación do Concello son os ingresos provenientes da venda de solares e o superávit ou déficit haberá de trasladarse ós presupostos. O documento de Estratexia e Estudio Económico do Plan haberá de ter en conta estes resultados. O Concello recibirá 4.199 M€ (698.655 MPTA) pola venda do 90% dos solares que xestiona, máis 482 M€ (80.198 MPTA) polo 10% do total aproveitamento⁵, o cal significa que as actuacións por expropiación producirán uns recursos netos ós presupostos municipais de 210 M€ (34.941 MPTA).

Resultados

Os resultados da proporción de teito residencial reservado para vivendas con algún tipo de protección, por distritos e solo urbanizable, son os que se reflicten nas táboas seguintes, para as actuacións por expropiación, para as de xestión por compensación, cooperación e concerto e para o conxunto do Plan Xeral:

A) ACTUACIÓNS POR EXPROPIACIÓN

		TOTAL EDIFICABLE m2t	TOTAL RESIDENCIAL m2t	RESIDENCIAL PROTEXIDA m2t	PROTEXIDA % s/residencial	PROTEXIDA % s/total
TOTAL DISTRITO 1						
TOTAL DISTRITO 2	ROTEA	3.839	3.839	3.839	100%	100%
TOTAL DISTRITO 3	BOUZAS CASIANO	1.030	1.030	1.030	100%	100%
TOTAL DISTRITO 4	ESTACIÓN-CÁRCERE	77.148	77.148	77.148	100%	100%
TOTAL DISTRITO 5	GUIXAR + E. INTERMODAL	226.848	97.545	39.018	40%	17%
TOTAL DISTRITO 6	BARXA	20.996	20.996	13.018	62%	62%
TOTAL DISTRITO 7	ARIEIRO	7.223				
TOTAL DISTRITO 8						
TOTAL SECTORES		4.325.484	890.971	837.513	94%	19%
TOTAL EXPROPIACIÓN		4.662.568	1.091.529	971.565	89%	21%

Nota: Inclúíuse Guixar por ser de expropiación, se ben a xestión non é municipal senón de Zona Franca.

As actuacións por expropiación, cunha media dun 89% de teito residencial reservado para vivenda protexida, supoñen un esforzo do sector público, fundamentalmente o Concello, aínda que tamén Zona Franca no caso de Guixar, para incrementar a oferta de vivendas sociais e de prezo asequible para niveis de renda que non poden acceder ó mercado libre.

⁵ Nos desenvolvementos por expropiación non hai propiamente cesión de aproveitamento, sen embargo, o feito de que Guixar si leve cesión do 10% e que no documento de Estratexia e Estudio Económico se contemplen os recursos provenientes da cesión do 10% do conxunto do Plan, aconsellan por dous columnas diferenciadas no cadro.

B) TOTAL POR COMPENSACIÓN, COOPERACIÓN E CONCIERTO

A distribución por distritos das proporcións de teito residencial dedicado a vivenda protexida en ámbitos e sectores de xestión privada se recollen na táboa seguinte:

	TOTAL EDIFICABLE m2t	TOTAL RESIDENCIAL m2t	RESIDENCIAL PROTEXIDA m2t	PROTEXIDA % s/residencial	PROTEXIDA % s/total
TOTAL DISTRITO 1	136.855	133.877	55.458	41%	41%
TOTAL DISTRITO 2	823.560	742.981	316.219	43%	38%
TOTAL DISTRITO 3	1.705.679	1.528.918	609.564	40%	36%
TOTAL DISTRITO 4	2.999.183	2.666.296	1.031.373	39%	34%
TOTAL DISTRITO 5	1.786.017	1.744.381	770.138	44%	43%
TOTAL DISTRITO 6	424.641	422.344	190.844	45%	45%
TOTAL DISTRITO 7	419.828	298.383	131.800	44%	31%
TOTAL DISTRITO 8	1.001.659	990.940	473.332	48%	47%
TOTAL SECTORES	4.107.151	3.836.280	1.783.932	47%	43%
TOTAL SIN EXPROPIACIÓN	13.404.574	12.364.400	5.362.662	43%	40%
TOTAL EXPROPIACIÓN	4.662.568	1.091.529	971.565	89%	21%
TOTAL PXOM	18.067.142	13.455.929	6.334.227	47%	35%

O conxunto de actuacións de xestión privada do PXOM supoñen unha reserva de teito residencial protexido do 43% e no solo urbanizable do 47%, con oscilacións entre distritos dende o 39% do distrito 4, ó 48% do distrito 8. **Cúmprese, polo tanto, a dito nivel o obxectivo de chegar ó 40% de teito residencial de protección.**

C) TOTAL XERAL PXOM POR DISTRITOS E SOLO URBANIZABLE

(todos os sistemas de actuación)

Unha vez contabilizadas as actuacións polo sistema de expropiación nos correspondentes distritos no solo urbanizable, o resultado xeral que fai viables e equilibradas de forma homoxénea as áreas de reparto se recolle na táboa seguinte:

	TOTAL EDIFICABLE m2t	TOTAL RESIDENCIAL m2t	RESIDENCIAL PROTEXIDA m2t	PROTEXIDA % s/residencial	PROTEXIDA % s/total
TOTAL DISTRITO 1	136.855	133.877	55.458	41%	41%
TOTAL DISTRITO 2	827.399	746.820	320.058	43%	39%
TOTAL DISTRITO 3	1.706.709	1.529.948	610.594	40%	36%
TOTAL DISTRITO 4	3.076.331	2.743.444	1.108.521	40%	36%
TOTAL DISTRITO 5	2.012.865	1.841.926	809.156	44%	40%
TOTAL DISTRITO 6	445.637	443.340	203.862	46%	46%
TOTAL DISTRITO 7	427.051	298.383	131.800	44%	31%
TOTAL DISTRITO 8	1.001.659	990.940	473.332	48%	47%
TOTAL SECTORES	8.432.635	4.727.251	2.621.445	55%	31%
TOTAL PXOM	18.067.142	13.455.929	6.334.227	47%	35%

O total da proposta do PXOM incorpora unha reserva do 47% de teito residencial para vivenda con algún tipo de protección pública (que se transforma nun 35%, se a consideramos respecto do teito total, polo efecto doutros usos). Dita reserva, con distintas proporcións, entre o 40% do distrito 4 e o 55% do conxunto do solo urbanizable, ao incorporar tamén as actuacións públicas por expropiación con cargas moito maiores de vivenda protexida, melloran o nivel xeral por riba do obxectivo inicial do 40%.

En canto os niveis de teito residencial de protección en cada ámbito e sector do PXOM, os resultados xerais son os seguintes:

a) Solo urbano no consolidado con uso residencial:

o Con menos do 20% :18 ámbitos (6%)	}	38% menos do 40%
o Entre 20% e 30%: 7 ámbitos (2%)		
o Entre 30% e 40%: 93 ámbitos (30%)		
o Entre 40% e 55%:171 ámbitos (56%)	}	64% con máis do 40%
o Máis do 55%: 18 ámbitos (6%)		

b) Solo urbanizable, con uso residencial:

o Menos do 20%: ningún	}	16,5% menos do 40%
o Entre o 20% e o 30%: 2 sectores (4%)		
o Entre o 30% e o 40%: 6 sectores (12,5%)		
o Entre o 40% e o 55%: 34 sectores (71%)	}	83,5% máis do 40%
o Máis de 55%: 6 sectores (12,5%)		

O listado da páxina seguinte recolle o detalle dos ámbitos e sectores residenciais que non alcanzan o 30% de teito residencial protexido, no anexo A.5 todos os que non chegan ó 40% e no anexo A.4, a totalidade de ámbitos e sectores ordenados por % de teito residencial protexido.

ÁMBITOS Y SECTORES CON MENOS DEL 30% DE TECHO RESIDENCIAL PROTEGIDO

Clave	Nome	Residencial %	Sup. Delimitada m2s	Sup. Computable m2s	Total Edificable m2t	Edif. Bruta m2s/m2t	Techo Residencial m2t	Total Gastos M€	Total Gastos €/m2t	Valor Apropiable M€	Valor Apropiable €/m2t	Valor Residual €/m2s	Vivenda Protexida % S/Tot.Res.	Viv. Protexida Aprobacion Provisional	Diferencia	OBSERVACIONES	
TOTAL DISTRITO 1													41%	20%	21%		
A-2-14	TOMADA	R	100%	17.970	17.970	8.985	0,50	8.985	1,0	106	8	961	379	0%	0%	0%	P.A.
A-2-18	BREADOURO	R	100%	27.028	25.183	13.514	0,50	13.514	1,9	137	9	778	302	30%	20%	10%	
A-2-26	TABERNA	R	100%	131.690	122.008	65.845	0,50	65.845	12,8	194	33	560	167	30%	20%	10%	
A-2-35	CASÁS	R	100%	22.484	20.931	10.118	0,45	10.118	2,8	273	5	549	107	3%	20%	-17%	Redelimitación
TOTAL DISTRITO 2													43%	20%	23%		
A-3-04	SAN GREGORIO 2	R	100%	2.264	1.847	5.715	2,52	5.715	4,5	782	5	1.030	450	6%	20%	-14%	Traslado Industria
A-3-06	ANIMAS 2	R	100%	962	962	1.347	1,40	1.347	0,6	442	1	1.074	735	0%	0%	0%	Edificio único
A-3-09	NUÑEZ BALBOA	R	100%	1.750	1.750	1.750	1,00	1.750	0,4	251	2	1.074	716	0%	0%	0%	Edificio único
A-3-23	FENOSA(BALAÍDOS)	R	100%	13.460	13.460	38.309	2,85	38.309	25,0	652	35	1.022	762	0%	20%	-20%	Trasl. Subestación
A-3-35	PEPRI BOUZAS	R	61%	33.449	33.449	45.467	1,36	27.628	3,0	67	42	1.037	1.178	20%	20%	18%	P.A.
A-3-39	SANIN 2	R	100%	24.958	22.074	12.479	0,50	12.479	4,3	342	8	695	160	15%	20%	-5%	Redelimitación
A-3-41	IGREXA 3	R	100%	71.242	83.322	40.608	0,57	40.608	4,9	122	19	517	168	30%	20%	10%	
A-3-47	ESTACIO	R	100%	14.768	13.008	35.916	2,43	35.916	31,7	882	35	1.074	234	0%	20%	-20%	Traslado Industria
TOTAL DISTRITO 3													40%	20%	20%		
A-4-01	BARRIO DO CURA	R	76%	23.564	21.302	58.201	2,47	44.096	24,4	419	57	1.093	1.543	29%	5%	24%	Barrio do Cura
A-4-06	PRAZA DE ESPAÑA	R	93%	38.114	14.753	62.651	1,64	58.265	22,9	365	90	1.596	4.551	21%	0%	21%	Praza España
A-4-09	CALVARIO 6	R	100%	6.356	5.054	17.930	2,82	17.930	6,2	347	21	1.320	2.985	0%	0%	0%	P.A.
A-4-24	REGUEIRO	R	100%	5.933	4.760	6.599	1,11	6.599	3,4	514	9	1.541	1.209	0%	0%	0%	P.A.
A-4-65	POUSA	R	100%	32.984	30.631	19.131	0,58	19.131	2,6	134	13	732	328	29%	20%	9%	Redelimitación
A-4-73	PAZOS	R	100%	6.979	4.694	12.911	1,85	12.911	5,2	399	17	1.434	2.452	0%	0%	0%	P.A.
TOTAL DISTRITO 4													40%	19%	21%		
A-5-71	METALÚRXICA	R	75%	6.191	6.191	18.100	2,92	13.575	2,5	139	23	1.386	3.240	0%	0%	0%	P.A.
A-5-72	CANADELO ALTO	R	100%	888	888	2.664	3,00	2.664	1,1	430	3	1.314	2.258	0%	0%	0%	Edificio único
TOTAL DISTRITO 5													43%	20%	23%		
A-6-15	CARREGAL	R	100%	63.933	55.095	27.491	0,43	27.491	8,8	320	15	596	108	0%	20%	-20%	Redelimitación
A-6-22	BERTOLOS	R	100%	33.368	27.847	12.346	0,37	12.346	3,6	294	6	574	99	0%	20%	-20%	Redelimitación
TOTAL DISTRITO 6													45%	20%	25%		
TOTAL DISTRITO 7													44%	20%	24%		
A-8-42	PENIS	R	100%	22.644	21.255	16.983	0,75	16.983	6,9	408	14	932	344	5%	20%	-15%	Redelimitación
A-8-54	PENIS 2	R	100%	15.865	14.292	7.146	0,45	7.146	0,8	118	4	564	195	0%	0%	0%	P.A.
TOTAL DISTRITO 8													48%	20%	28%		
S-31-R	RIO	R	100%	267.143	293.277	141.586	0,53	141.586	26,2	185	122	958	327	28%	20%	8%	
URBANIZABLE													47%	22%	25%		
TOTAL PXOM				20.142.740	18.338.079	13.404.575	0,73	12.420.618	3.432	256	8.340	622	268	43%	20%	23%	

As principais razóns polas que non se pode asumir vivenda protexida ou ben soamente en proporcións baixas son as seguintes:

- Ámbitos con planeamento aprobado sen vivenda protexida (P.A.)
- Ámbitos pequenos nos que a edificabilidade concéntrase nun solo edificio
- Incremento de cargas de urbanización e/o indemnizacións como consecuencia de remodelacións derivadas do cumprimento da Orden de 19 de xaneiro de 2007 da CPTOPT
- Cargas altas de urbanización por esixencia dunha maior calidade: Barrio do Cura (que no documento de abril de 2007 tiña un 5% de vivenda protexida e agora un 29%) e Praza de España (sen vivenda protexida no documento de abril e cun 21% agora).

5. DICTAME FINAL. A VIABILIDADE ECONÓMICA DA PROPOSTA

- I. O plan con aprobación inicial de 2004 e provisional de 2006 cumpriu co equilibrio de distribución homoxénea de beneficios e cargas por áreas de reparto, de acordo co art. 112 da lei 9/2002.
- II. Os valores unitarios de cada ámbito/sector e os correspondentes valores residuais, foron corrixidos desde a ordenación urbanística a través da edificabilidade e a atribución de cargas de urbanización diferenciadas.
- III. Ese plan alcanzaba os teitos máximos de vivenda protexida cos valores inmobiliarios do 2003. A media estableceuse nun 23%, na maioría dos sectores e ámbitos de desenvolvemento se situaba en torno ao 20%, con excepcións:

Más do 20% en Navia, Estación-Cárcere, Teis-Guixar, Cereiro, Bouzas-Casiano, Balada, Tomás Paredes...

Menos do 20%:

- por cargas urbanísticas elevadas: Barrio do Cura, Praza de España..
- por dimensión escasa: Canadelo 2, Animas 2...
- por planeamento incorporado e en marcha: Metalúrxica.....

- IV. O incremento dos prezos inmobiliarios entre 2003 e 2007 permite acadar unhas proporcións de vivenda protexida máis elevadas, asegurando ao mesmo tempo valores de solo máis altos á propiedade dos que tiña no 2003.
- V. A presente proposta elaborouse axustando a porcentaxe máxima de vivenda que admiten os ámbitos e sectores, coas seguintes premisas:
 - a) o incremento de prezos de vivenda libre foi do 75% no período 2003-20007 e a correspondente repercusión de solar do 95-110%
 - b) se asegura á propiedade do solo un 75% máis de valor que o que tiña no 2003, como criterio máis determinante de equilibrio
 - c) conscientes e sensibles ao cambio de ciclo se parte dunha redución do 10% do valor inmobiliarios medio de Vigo do 2007 das estatísticas do Ministerio da Vivenda
 - d) increméntanse os custos de urbanización no 25% a partires dos índices do Ministerio de Fomento para obra civil
 - e) incremento das indemnizacións por realoxos e traslados de industrias do 75%

- f) incremento das indemnizacións por construcións do 30%
- g) non se tiveran en conta os novos criterios de valoración contidos na lei 8/2007 do Solo no relativo aos solos en situación básica de rurais.
- h) a % de vivenda protexida se distribúe nun 50% de réxime xeral, un 25% réxime especial e outro 25% de prezo concertado para que realmente de se produza unha verdadeira mestura de rendas e non quede excluído ningún sector da poboación.

VI. En termos económicos significa que **os prezos inmobiliarios de 2007 permiten absorber** as reservas adicionais e a actualización dos custos de urbanización e indemnizacións, **garantindo incrementos de valor no solo bruto, aínda que por debaixo das expectativas.**

VII. O resultado foi que no conxunto do plan é viable chegar a un 40% de vivenda protexida, podendo acadar globalmente en todos os 8 Distritos e en case todos os sectores de solo urbanizable. e que ó non poder modificar as outras variables da edificabilidade, as cargas urbanísticas “a maiores”, algúns ámbitos non chegan a esa porcentaxe e outros o superan, porque o obxectivo é non romper o equilibrio do plan anterior. A todos os ámbitos se lles esixiu o mesmo esforzo e non hai uns máis rentables que outros.

VIII. A porcentaxe total para o conxunto do plan é de 46,76 %, coa seguinte distribución:

Ámbitos e sectores por riba do 40% de VP = 64% (233 Áreas de Reparto)

Ámbitos e sectores por debaixo do 40% de VP= 36% (152 Áreas de Reparto)

Ámbitos e sectores de iniciativa privada= 43%

Ámbitos e sectores de iniciativa pública polo sistema de expropiación (7% do potencial residencial do Plan e 15% do total das reservas de vivenda protexida) =89%

IX. Por Categoría de Solo os resultados totais son os seguintes:

En SUNC por distritos:

D-1	41,42%	D-2	42,79%
D-3	39,85%	D-4	40,40%
D-5	43,68%	D-6	45,98%
D-7	43,20%	D-8	47,64%

Nos 307 ámbitos residenciais de SUNC:

por riba do 40% de VP é de 64%

por debaixo do 40% de VP é de 36%

Nos 53 Sectores residenciais de Solo Urbanizable a reserva é do 46% da edificabilidade residencial:

por riba do 40% de VP é de 83%

por debaixo do 40% de VP é de 17%

X. O aumento xeral de vivenda protexida significa unha redución de expectativas da propiedade inmobiliaria en ámbitos e sectores de uso residencial, sen alterar as expectativas dos solos con actividade económica cuxo incremento foi moi inferior ó residencial.

XI. A propiedade do solo despois da incorporación das reservas diferenciais de vivenda protexida ten un 75 % máis de valor que no 2004. A inversión en vivenda protexida, adicionalmente, pode ter unha rendibilidade empresarial similar á da vivenda libre, en relación ás inversións realizadas, porque existe unha importante demanda acumulada e ten períodos máis curtos de venda.

XII. O aumento da reserva de vivenda protexida ao igual que as cargas en infraestructuras de cidade a cargo dos novos desenvolvementos materializa os contidos dos artigos. 45,46 e 47 da Constitución Española en relación á vivenda digna e a recuperación de plusvalías do planeamento urbanístico.

XIII. O obxectivo do Concello de Vigo ven amparado e reforzado pola nova lei estatal do solo de 2007, que elevou o estándar do 20 ó 30% de “reserva mínima”, así como as previsións de modificación lexislativa da Xunta:

A) A lei 6/2007 de MU de ordenación do territorio e do litoral, que modifica a lei de ordenación do territorio de 1995, para poder contar cun instrumento urbanístico que permita actuar de forma directa e con rapidez na creación de solo residencial para vivenda protexida sen estar a expensas dos planeamentos urbanísticos a través dos plans sectoriais de incidencia supramunicipal para a creación de solo residencial en aqueles Concellos nos que exista gran demanda completando a prevista nos plans. Así en setembro de este ano iniciouse a tramitación do Proxecto Sectorial de Solo Residencial para vivenda protexida de Galicia para un horizonte temporal de 10 anos e que se centrará nas grandes cidades, áreas metropolitanas, cabeceiras de comarca e en concellos con maior desenvolvemento económico e demográfico.

B) A lei 9/2002 para incrementar a porcentaxe de vivenda protexida do 20 ó 40% nos 21 Concellos de máis de 20.000 hab. e ó 30% para o resto, xunto á revisión das normas para evitar o uso irregular da vivenda protexida, tanto por parte dos adxudicatarios como dos promotores.

XIV. A cultura urbanística, por outra parte, tende a que unha proporción do 50% dos potenciais urbanísticos se exclúe do mercado da vivenda libre, con diferentes réximes de protección e de prezo máximo. As normativas autonómicas de Madrid e o País Vasco con 50% ou máis de vivenda protexida en el último decenio xa van neste sentido e posibilitan que, neste momento, unha terceira parte aproximadamente da nova produción sexa en vivenda protexida.

XV. Estimouse en estudos recentes de demanda de vivenda que aproximadamente o 50 ou 60% dos novos demandantes quedan excluídos en algunha proporción do mercado da vivenda libre e que por niveis de renda poden quedar incluídos nas condicións de acceso á vivenda con algún tipo de protección.

XVI. A **recuperación de plusvalías nos novos desenvolvementos urbanísticos** ten, polo tanto, dous instrumentos alternativos e complementarios que son a proporción de vivenda protexida e as cargas de urbanización local e de cidade, no contexto dos prezos inmobiliarios, os custos empresariais, a rendibilidade das inversións e uns valores máis moderados e contidos do solo bruto antes de urbanizar e cun tratamento uniforme á propiedade do solo que garanta os artigos 52.3 e 110.1 das Leis 9/2002 e 15/2004 sobre a viabilidade económica e o equilibrio das áreas de reparto.

Anexos:

A.1. Coeficientes de distrito e localización do Plan aprobado provisionalmente

This image shows a full page of graph paper. The background is white, and it is covered by a uniform grid of thin, light gray horizontal and vertical lines. The grid consists of small squares, typical of standard graph paper used for mathematics or engineering. There are no margins, text, or other markings on the page.

A.2. Testemuñas de oferta inmobiliaria recente en Vigo. Xerencia de Urbanismo

ESTUDO DE MERCADO REALIZADO POLA XERENCIA DE URBANISMO:

Recolléronse mostras de ofertas de diferentes produtos inmobiliarios (vivenda colectiva, unifamiliar, comercial e industrial), aparecidos en diferentes medios, utilizando, basicamente as páxinas de internet do sector inmobiliario (www.habitat24.com, www.habitamos.com, www.best-house.com, www.globaliza.com, www.hogaria.com, www.yaencontre.com, www.inmolocalesvigo.com, etc) e revistas especializadas do sector (Tucasa, Miracasa, etc). Así m3smo estudáronse os expedientes de xestión urbanística tramitados na Xerencia de Urbanismo de Vigo no último ano, as valoracións que figuran nas escrituras e proxectos de compensación presentados, así como as valoracións de expropiacións e enaxenacións de patrimonio municipal de solo. Tentouse seleccionar, preferentemente, mostras de obra nova, aínda que nalgún caso tomouse algún produto de segunda man (sempre de construción recente e en boas condicións) escollendo aquelas máis representativas dentro da zona, descartando as mostras das que tivéssemos información escasa e aquelas que amosan valores por metro cadrado extremos, por altos ou por baixos. Polo tanto as testemuñas reflectidas no estudo proceden da análise e filtrado de moitas máis mostras das que se recollen realmente. Como estas testemuñas agrupáronse nos diferentes distritos nos que o PXOM dividiu o Termo Municipal, procurouse, recoller testemuñas de diferentes zonas do distrito cun dobre obxectivo, por un lado tentando que a media do distrito sexa realmente representativa do mesmo, e por outro, ir testando nos diferentes emprazamentos dentro do mesmo distrito, as diferenzas que se producen, co obxecto de comprobar que os coeficientes correctores a utilizar dentro do distrito estean axustados á realidade do mercado.

VIVENDA COLECTIVA:

No caso da vivenda colectiva atopáronse mostras de obra nova nos distritos 2, 3, 4 e 5; non existen testemuñas deste tipo nos distritos 1, 6, 7 e 8. É de supoñer que este tipo de produto nas zonas periféricas tería un valor menor que nos distritos centrais do municipio, polo que habería que ter en conta isto á hora de establecer unha media de prezo de venda de vivenda colectiva para todo o municipio.

No caso da vivenda colectiva as testemuñas que se recollen levan asociada unha praza de garaxe e un trasteiro ou bodega. Realizouse así a recollida de datos debido á dificultade de atopar este tipo de produto inmobiliario sen a praza e o trasteiro, ou cos distintos valores por separado (aínda que hai algunha promoción na que se ofertan inseparablemente pero con prezos independentes, co cal a independencia tampouco sería moi significativa). Polo tanto obtense primeiro un valor medio de venda, procedendo logo a unha corrección x 0,85, xa que estamos analizando oferta, non o prezo real da operación e por outra banda teríamos que compensar os elementos comúns do edificio. Para obter un valor en venda da vivenda exclusivamente, deducimos das medias obtidas o valor que supón unha praza de garaxe e un trasteiro do total por metro cadrado. Considerouse 300 €/m² a parte do prezo por metro cadrado que supón a praza e o trasteiro, como valor medio, xa que haberá zonas onde a repercusión será maior, por exemplo zona centro de Vigo e zonas onde a repercusión é menor, como pode ser o caso de Ramón Nieto e Cambeses. Este valor en venda da vivenda, calculado así, resulta imprescindible para poder realizar unha

comparanza cos valores publicados polo Ministerio da Vivenda e outras fontes de información.

No caso do distrito 2 as mostras localízanse nunha zona moi concreta (Alcabre Samil) o que nos dá unha media moi alta. Non sería igual se houbera no mercado vivenda colectiva na zona interior do distrito; o PXOM prevé este tipo de uso en ámbitos interiores do distrito (como por exemplo A-2-31 Álvarez Coruxo). Optouse por corrixir o valor de repercusión do solo multiplicando por 0,74, e o valor en venda medio por 0,80, o que acerca o valor do distrito ao resto dos distritos analizados e cremos que poderá resultar un valor medio cando as mostras se distribúan en todo o distrito. Sen perder de vista que os prezos na zona próxima á costa serían os que se desprenden do estudo.

Tanto no caso do distrito 4 como do distrito 5 aparecen mostras con valores moi diferentes, no caso do distrito 4 temos a zona central de Vigo (Praza de España, Venezuela, etc) cuns valores de venda por encima da media e a zona de Cambeses na que se atopan as mostras cos prezos máis baixos. No 5 pasaría o mesmo: dentro deste distrito estaría a zona de Rosalía Castro e García Barbón, cos prezos de venda moi elevados e zonas de Teis onde os valores son inferiores á media do municipio.

Xa que logo, isto estamos a indicar a importancia de que os coeficientes correctores que se utilizan para o estudo dos distintos ámbitos estén axustados a estas situacións de diferentes prezos.

O estudo da vivenda colectiva realizado na forma que se expuxo dá un prezo de venda medio de **2.951** €/m². Como xa se expuxo faltaría ver qué pasaría se tivéssemos mostras nos distritos 6, 7 e 8; a media sería máis baixa evidentemente.

VIVENDA UNIFAMILIAR:

En canto á vivenda unifamiliar procedeuse do mesmo xeito, no que se refire á análise e recollida de testemuñas. A oferta deste tipo de produto é moito menor que a de vivenda colectiva, polo que, así como no caso da colectiva, o proceso foi moi selectivo á hora de escoller as mostras que se reflicten no estudo, no caso da vivenda unifamiliar tivemos que rexeitar exclusivamente, testemuñas que ofrecen pouca información, que amosan resultados estraños ou que son produtos moi exclusivos por pouco habituais no mercado; é dicir o filtrado foi menor. Tivemos que recorrer a algunha vivenda de segunda man (de construción recente e en bo estado; o valor non foi corrixido). Aínda así, temos distritos como o 3 no que coidamos que as testemuñas non son suficientes para facer unha análise axustada a ese distrito. Obtense así unha media fiable do valor en venda da vivenda unifamiliar no municipio e podemos comparar cómo se comportan os distintos distritos entre si (salvo no 3 que pensamos que, en principio, se tería que comportar mellor). Os distritos con valores máis altos son o 2 e o 3 (o 2 especialmente), nos que o peso das testemuñas situada preto da liña de costa fai que a media sexa moito máis alta que nos demais.

No caso da vivenda unifamiliar optouse por dividir o prezo de venda non pola superficie total construída reflectida nas ofertas, senón pola superficie sobre rasante que sería a que computa edificabilidade (a superficie baixo rasante dedícase, en xeral, a garaxe e instalacións que non computa edificabilidade). Isto, que nalgúns casos é sinxelo, porque aparecen as superficies de cada planta ou por que na Xerencia temos información da edificabilidade que se lle asigna á parcela, noutros casos resulta un

